

Consello de Contas  
de Galicia



**INFORME DE FISCALIZACIÓN  
DO CONCELLO DO BARCO  
DE VALDEORRAS**

**EXERCICIO 2013**



## ÍNDICE

<b>I. INTRODUCCIÓN</b> .....	1
I.1 OBXECTIVOS E ALCANCE .....	1
I.2 LIMITACIÓNS.....	1
I.3 NORMATIVA REGULADORA.....	2
I.4 RESPONSABILIDADE .....	5
I.4.1 RESPONSABILIDADE DO ENTE FISCALIZADO .....	5
I.4.2 RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS .....	6
<b>II. CARACTERÍSTICAS DO MUNICIPIO</b> .....	6
II.1 INFORMACIÓN XERAL .....	6
II.2 DATOS DE TRAMITACIÓN E RENDICIÓ DE CONTAS .....	7
<b>III. CONTAS ANUAIS</b> .....	8
III.1 ORZAMENTO INICIAL .....	8
III.2 LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO .....	9
III.2.1 LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS.....	9
III.2.2. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS .....	12
III.3 RESULTADO ORZAMENTARIO .....	15
III.4. REMANENTE DE TESOURERÍA.....	18
III.5. INDICADORES DAS MAGNITUDES ORZAMENTARIAS .....	19
III.6 CONTABILIDADE FINANCEIRA .....	20
<b>IV. RESULTADOS DA FISCALIZACIÓN</b> .....	21
IV.1 CONTROL INTERNO.....	21
IV.2 ÁREA CONTABLE-ORZAMENTARIA.....	23
IV.3 ESTADO DE ENDEBEDAMENTO.....	25
IV.4 ESTABILIDADE ORZAMENTARIA .....	26
IV.4.1. CAPACIDADE OU NECESIDADE DE FINANCIAMENTO .....	27
IV.4.2. REGRA DE GASTO.....	28
IV.4.3. ENDEBEDAMENTO .....	29
IV.5. PLAN DE PAGO A PROVEDORES .....	29
IV.5.1.PROCEDEMENTO .....	30

IV.5.2. IMPORTE FINANCIADO .....	30
IV.5.3. PLAN DE AXUSTE.....	30
IV.6 ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN .....	30
IV.7 FISCALIZACIÓN DA CONTRATACIÓN .....	31
IV.7.1. CONTROL INTERNO .....	31
IV.7.2 CONTRATOS FISCALIZADOS .....	32
IV.7.3 RESULTADOS DA ANÁLISE DA CONTRATACIÓN .....	33
IV.8 GASTOS DE PERSOAL .....	36
IV.8.1. PLANIFICACIÓN DE RECURSOS HUMANOS .....	37
IV.8.2 ANÁLISE DO CADRO DE PERSOAL E DA RPT.....	38
IV.8.3. CONTRATACIÓN E SELECCIÓN DE PERSOAL .....	39
IV.8.4. RETRIBUCIÓN .....	39
<b>V. CONCLUSIÓN</b> .....	<b>40</b>
<b>VI. RECOMENDACIÓN</b> .....	<b>43</b>
<b>ANEXOS</b> .....	<b>47</b>
<b>TRÁMITE DE ALEGACIÓN</b> .....	<b>51</b>

## ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1: Datas dos trámites de rendición de contas.....	7
Cadro 2: Estado da rendición de exercicios anteriores.....	7
Cadro 3: Evolución das previsións iniciais de ingresos.....	8
Cadro 4: Evolución dos créditos iniciais de gastos.....	8
Cadro 5: Evolución do saldo orzamentario. Previsións iniciais. ....	9
Cadro 6: Liquidación do orzamento de ingresos.....	9
Cadro 7: Evolución dos ingresos liquidados sobre o exercicio anterior .....	10
Cadro 8: Evolución dos ingresos liquidados .....	11
Cadro 9: Indicadores do orzamento de ingresos. Evolución e comparación con concellos no mesmo tramo de poboación .....	11
Cadro 10: Liquidación do orzamento de gastos .....	12
Cadro 11: Evolución dos gastos liquidados sobre o exercicio anterior.....	13
Cadro 12: Evolución dos tipos de gasto e comparación con concellos no mesmo tramo de poboación .....	14
Cadro 13: Indicadores do orzamento de gastos. Evolución e comparación con concellos no mesmo tramo de poboación .....	15
Cadro 14: Resultado orzamentario do exercicio .....	15
Cadro 15: Evolución do resultado orzamentario.....	16
Cadro 16: Evolución da capacidade de financiamento .....	17
Cadro 17: Evolución aforro bruto, superávit non financeiro e endebedamento.....	17
Cadro 18: Remanente de tesourería do exercicio actual e anterior .....	18
Cadro 19: Comparación do Remanente de tesourería para gastos xerais.....	19
Cadro 20: Indicadores magnitudes orzamentarias.....	19
Cadro 21: Estado do endebedamento .....	25
Cadro 22: Capacidade de financiamento .....	28
Cadro 23: Contratos adxudicados ou formalizados no exercicio .....	31
Cadro 24: Contratos fiscalizados .....	33
Cadro 25: Tempo medio de tramitación dos expedientes de contratación.....	34
Cadro 26: Liquidación gastos de persoal por artigo. ....	36



## ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1: Importancia relativa dos capítulos de ingresos .....	10
Gráfico 2: Importancia relativa dos capítulos de gasto .....	14
Gráfico 3: Evolución do aforro bruto e magnitudes vinculadas .....	18





## ÍNDICE DE ANEXOS

Anexo I Contratos subscritos ou formalizados no exercicio.....	49
--	----



## ABREVIATURAS

AAPP	Administracións públicas.
BEO	Bases de execución do orzamento.
BOE	Boletín oficial do Estado.
DOG	Diario oficial de Galicia.
DOUE	Diario oficial da Unión Europea.
DRN	Dereitos recoñecidos netos.
EBEP	Lei 7/2007 do Estatuto básico do empregado público.
EELL	Entidades Locais.
ENS	Esquema Nacional de Seguridade.
ICAL	Instrucións de Contabilidade Local.
ICIO	Imposto sobre construcións, instalacións e obras.
ICO	Instituto de crédito oficial.
IGAE	Intervención xeral da administración do Estado.
INE	Instituto nacional de estatística.
LALG	Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.
LMLMOC	Lei de medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
LMMGL	Lei 57/2003 de medidas para a modernización do goberno local.
LMRFP	Lei 30/1984 de medidas para a reforma da función pública.
LOEOSF	Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
LOPD	Lei orgánica 15/1999 de Protección de datos de carácter persoal.
LRBRL	Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.
LRXPAC	Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
LXO	Lei 47/2003 Xeral orzamentaria.
MINHAP	Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
OAAA	Organismo Autónomo.
OEOEL	Orde 3565/2008 sobre estrutura dos orzamentos das entidades locais.
ORN	Obrigas recoñecidas netas.
PIB	Produto interior bruto.
RBEL	Regulamento de bens das entidades locais.
RD500	Real decreto 500/1990 de orzamentos.
RDFALHCN	Réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.
RDL 4/2012	RDL 4/2012 que regula o mecanismo de financiamento para o pago a provedores.
RDL 7/2012	RDL 7/2012 que crea o Fondo para o financiamento dos pagos a provedores.
RDL	Real Decreto Lei.
RDLex	Real Decreto Legislativo.
RDLMFPP	RDL Mecanismo de financiamento para o pago a provedores.
RSCL	Regulamento de servizos das corporacións locais.
RTFAL	Decreto réxime de retribucións dos funcionarios de administración local.
SEC	Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.
TRET	Texto refundido do Estatuto dos traballadores.
TRLCSP	Texto refundido da lei de contratos do sector público.

**Informe de Fiscalización do Concello do Barco de Valdeorras, exercicio 2013**

TRLFPG ..... Texto refundido da Lei da función pública de Galicia.  
TRLRFL ..... Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.  
TRLXEO ..... Texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria.  
TRRL ..... Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

## I. INTRODUCCIÓN

### I.1 OBXECTIVOS E ALCANCE

De conformidade co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Pleno da Institución, en sesión celebrada o 22 de decembro de 2014, acordou incluír no seu programa anual de actuacións para 2015 a realización dunha fiscalización de regularidade do exercicio 2013 do Concello do Barco de Valdeorras (Ourense).

A fiscalización de regularidade contable realizouse sobre as contas anuais ou estados contables da entidade fiscalizada, e incluíu:

- Auditoría de legalidade: revisión do cumprimento da normativa aplicable nas áreas de orzamento, ingresos de dereito público, persoal, contratación de obras, servizos e subministracións.
- Auditoría financeira: conformidade da Conta Xeral cos principios contables e orzamentarios que son de aplicación.
- Análise financeira da situación económica da entidade.

Os obxectivos específicos desenvolvidos en cada área obxecto de análise consistiron en:

- Verificar se a xestión económico-financeira e orzamentaria se realizou de conformidade coa normativa de aplicación.
- Comprobar a fiabilidade dos rexistros contables, verificando o cumprimento dos principios e normas establecidos nas instrucións contables.
- Analizar os procedementos e as medidas de control interno aplicados pola Entidade en orde a garantir unha adecuada xestión económico-orzamentaria.

O período temporal da fiscalización estendeuse a aqueles exercicios (anteriores e posteriores) que se consideraron necesarios para a consecución dos obxectivos previstos.

### I.2 LIMITACIÓNS

O Concello prestou en xeral a colaboración necesaria para a realización dos traballos de campo, achegando a documentación que se estimou necesaria para a realización desta fiscalización, aínda que o seu desenvolvemento viuse entorpecido polos retrasos na remisión da documentación solicitada, provocando que non finalizase no prazo establecido polo Consello de

Contas. Ademais destes retrasos déronse casos de non remisión de información, polo que non se puideron levar a cabo algúns dos controis programados na fiscalización, así non foi posible realizar as seguintes análises:

- Área de tecnoloxías da información.
- Plan de pago a provedores e Plan de axuste.
- Análise do control interno en materia de contratación.
- Incremento dos gastos de persoal laboral.

Os motivos destes impedimentos xustificáronse fundamentalmente na escaseza de persoal.

### **I.3 NORMATIVA REGULADORA**

A normativa reguladora da materia obxecto de fiscalización, inclúese, fundamentalmente, nas seguintes disposicións ordenadas por competencia, rango e datas:

#### **LEXISLACIÓN ESTATAL**

- Constitución Española do 27 de decembro de 1978 (BOE nº 311, do 29 de decembro).
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (LMRFP) (BOE nº 185, do 3 agosto), nos artigos non derogados expresamente pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas (BOE nº4, do 4 de xaneiro de 1985).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (BOE nº 80, do 3 de abril).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE nº 96, do 24 de abril).
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro).
- Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido do Estatuto dos traballadores (BOE nº 75, do 29 de marzo).
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións (LXS) (BOE nº 276, do 18 de novembro).
- Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral orzamentaria (BOE nº 284, do 27 de novembro).

- Lei 57/2003, do 16 decembro, de medidas para a modernización do goberno local (BOE nº 301, do 17 de decembro).
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (BOE nº 59, do 9 de marzo).
- Lei orgánica 3/2006, do 26 de maio, de reforma da Lei orgánica 5/2001, complementaria da lei xeral de estabilidade orzamentaria (BOE nº 126, do 27 de maio).
- Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (BOE nº 89, do 13 de abril).
- Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria (BOE nº 313, do 31 de decembro).
- Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 (Lei de medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais), que establece normas sobre a morosidade das administracións públicas e sobre o rexistro de facturas nas administracións locais (BOE nº 163, do 6 de xullo).
- Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2011 (BOE nº 311, do 23 de decembro).
- Real decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira, para a corrección do déficit público (BOE nº 315, do 31 de decembro).
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (BOE nº 276, do 16 de novembro).
- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (BOE nº 103, do 30 de abril).
- Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2013 (BOE nº 312, do 28 de decembro).
- Real decreto-lei 4/2012, do 24 de febreiro, que regula o mecanismo de financiamento para o pago a provedores (BOE nº 48, do 25 de febreiro).
- Real decreto-lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o financiamento dos pagos a provedores (BOE nº 60, do 10 de marzo).
- Real decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade

orxamentaria e de fomento da competitividade (BOE nº 168, do 14 de xullo).

- Real decreto-lei 4/2013, do 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego (2ª fase do mecanismo de pago a provedores) (BOE nº 47, do 23 de febreiro).
- Real decreto-lei 8/2013, do 26 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das AAPP e de apoio ás EELL con problemas financeiros (3ª fase mecanismo de pago a provedores) (BOE nº 155, do 29 de xuño).
- Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais (BOE nº 196, do 16 de xullo).
- Real decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de administración local (BOE nº 106, do 3 de maio).
- Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (BOE nº 161, de 7 de xullo).
- Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (BOE nº 305, do 22 de decembro), que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).
- Reais decretos 1174/1987; 1732/1994 e 834/2003, polos que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve, en materia de orzamentos, o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, antiga Lei reguladora das facendas locais (BOE nº 136, do 7 de xuño).
- Real decreto 896/1991, do 7 de xullo, sobre procedementos de selección de funcionarios da administración local (BOE nº 142, do 14 de xuño).
- Ordes 4040/2004, 4041/2004 e 4042/2004 do Ministerio de Economía e Facenda, do 23 de novembro, polas que se aproban as Instrucións de Contabilidade Local (ICAL), modelos básico, normal e simplificado respectivamente (BOE 296, do 9 de decembro).
- Real decreto 1463/2007, de 2 novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 do 12.12.2001 de estabilidade orxamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (BOE nº 264, do 3 de novembro).
- Orde do Ministerio de Economía e Facenda 3565/2008, do 3 de decembro de 2008, sobre estrutura dos orzamentos das entidades locais, (BOE nº 297, do 10 de decembro).



- Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LO 2/2012, de estabilidade orzamentaria.

### **LEXISLACIÓN AUTONÓMICA**

- Estatuto de Autonomía de Galicia - Lei orgánica 1/1981 (BOE nº 101, do 28 de abril; DOG nº 24, do 1 de outubro).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (DOG nº 149, do 5 de agosto).
- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (DOG nº 252, do 31 de decembro).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño).
- Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia (DOG nº 114, do 13 de xuño).
- Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, do Regulamento de disciplina urbanística de Galicia (DOG nº 32, do 17 de febreiro).
- Lei 14/2010, do 27 de decembro, de Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011 (DOG nº 35, 10 de febreiro).

### **LEXISLACIÓN DE CONTROL EXTERNO**

- Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Cuentas (BOE nº 121, do 21 de maio).
- Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia (DOG nº 130, do 9 de xullo).
- Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia do 23 de febreiro de 2017 (DOG nº 46, do 7 de marzo).

## **I.4 RESPONSABILIDADE**

### **I.4.1 RESPONSABILIDADE DO ENTE FISCALIZADO**

Os diferentes órganos municipais deben garantir que as actividades, operacións orzamentarias e financeiras e a información reflectidas nos seus estados financeiros resultan conformes coas normas aplicables. Así mesmo son responsables do sistema de control interno que consideren necesario para garantir que a actividade revisada estea libre de incumprimentos legais e de incorreccións materiais debidas a fraude ou erro.

#### **I.4.2 RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS**

A responsabilidade do Consello de Contas de Galicia limitase a expresar unha conclusión de auditoría financeira e de cumprimento da legalidade, por parte da entidade incluída no ámbito subxectivo deste informe, sobre as obrigas derivadas da normativa aplicable en cada unha das áreas obxecto de fiscalización, así como o respecto aos principios contables e orzamentarios.

Para alcanzar os obxectivos establecidos para este informe realizouse unha análise da documentación remitida pola entidade fiscalizada a través da plataforma de rendición, así como sobre toda a información e documentación solicitada polo Consello no desenvolvemento da presente fiscalización, de conformidade cos Principios fundamentais de fiscalización das Institucións Públicas de Control Externo. Esta normativa esixe o cumprimento dos requirimentos de ética así como a planificación e execución da auditoría co fin de obter unha seguridade razoable de que as actividades revisadas, operacións orzamentarias e financeiras e a información reflectidas nos seus estados financeiros resulten, en todos os aspectos significativos, conformes coa normativa aplicable.

## **II. CARACTERÍSTICAS DO MUNICIPIO**

### **II.1 INFORMACIÓN XERAL**

O ente fiscalizado é o concello do Barco de Valdeorras. Está situado ao nordeste da provincia de Ourense e tiña unha poboación de 14.010 habitantes a 1/1/2013 e de 13.899 habitantes a 1/1/2014. (Fonte: INE).

No exercicio 2013 non ten entidades dependentes ou adscritas.

As entidades supramunicipais das que forma parte son:

- Consorcio Augas de Valdeorras.
- Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
- Consorcio contra Incendios e Salvamento da Comarca de Valdeorras
- Consorcio de Turismo de Valdeorras

O Concello emprega a forma de xestión indirecta de servizos públicos para prestar os servizos de recollida de residuos sólidos urbanos, estacionamento regulado (ORA) e explotación da piscina municipal climatizada; a xestión indirecta do servizo público de abastecemento e saneamento de augas foi obxecto de delegación no Consorcio de Augas de Valdeorras.

A composición da Corporación municipal, formada por 17 concelleiros, resultante das eleccións de 2011 foi a seguinte: PSdeG-PSOE: 9 concelleiros; PP: 7 concelleiros; BNG: 1 concelleiro; resultando elixido Alcalde o candidato do PSdeG-PSOE.

En 2015 os resultados electorais foron os seguintes: PSdeG-PSOE: 10 concelleiros; PP: 6 concelleiros; Riada Cidadá: 1 concelleiro. Resultou elixido Alcalde o candidato do PSdeG-PSOE.

O orzamento vixente en 2013 foi aprobado definitivamente o 2 de agosto de 2013.

## II.2 DATOS DE TRAMITACIÓN E RENDICIÓN DE CONTAS

En canto á liquidación e á aprobación da conta do exercicio fiscalizado, no seguinte cadro recóllense as datas máis relevantes ao respecto:

**Cadro 1: Datas dos trámites de rendición de contas**

Trámite	Data límite	Cumprimento
Aprobación definitiva do orzamento	31/12/2012	02/08/2013
Aprobación da liquidación do Orzamento	31/03/2014	26/03/2014
Formación da Conta Xeral	01/06/2014	15/07/2014
Informe da Comisión de Contas	01/06/2014	05/08/2014
Inicio exposición ao público	-----	06/08/2014
Aprobación plenaria da Conta Xeral	30/09/2014	04/09/2014
Data rendición da Conta Xeral	14/10/2014	24/10/2014

A aprobación definitiva do orzamento realizouse 7 meses fóra de prazo. No que atinxe á rendición da conta, deuse cumprimento a dito trámite o 24 de outubro de 2014, fóra da data límite establecida para o mesmo.

A situación das rendición das contas dos 5 exercicios anteriores é a seguinte:

**Cadro 2: Estado da rendición de exercicios anteriores**

Exercicio	Estado rendición	Cumprimento	En prazo
2009	Rendida	06/05/2011	Non
2010	Con defectos leves	22/12/2011	Non
2011	Con defectos leves	21/01/2013	Non
2012	Con defectos leves	13/12/2013	Non
2013	Con defectos leves	24/10/2014	Non

Dende 2010 todas as contas foron remitidas con defectos leves, presentando fallas de tramitación e coherencia interna entre estados contables, o cal non impediu a súa cualificación como contas rendidas.

### III. CONTAS ANUAIS

#### III.1 ORZAMENTO INICIAL

As previsións iniciais de ingresos e os créditos iniciais de gastos do Concello do Barco de Valdeorras para o exercicio 2013 alcanzaron os 8.190,71 miles de euros e 8.179,39 miles de euros, sendo un 0,90% e un 1,04% inferiores aos do exercicio anterior. No seguinte cadro presentase a evolución temporal das previsións de ingresos e créditos para gastos no período 2010-2013.

**Cadro 3: Evolución das previsións iniciais de ingresos**

Previsións iniciais ingresos	2010	2011	2012	2013	Variación
Ingresos Correntes	8.511.599,82	8.159.459,33	8.204.818,37	8.155.668,10	-0,60%
Ingresos Capital	32.176,00	31.116,17	60.352,76	30.972,36	-48,68%
<b>Ingresos non financeiros</b>	<b>8.543.775,82</b>	<b>8.190.575,50</b>	<b>8.265.171,13</b>	<b>8.186.640,46</b>	<b>-0,95%</b>
Activos Financeiros	0,00	0,00	0,00	4.068,37	100,00%
Pasivos Financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%
<b>Ingresos Financeiros</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>4.068,37</b>	<b>100,00%</b>
<b>Total</b>	<b>8.543.775,82</b>	<b>8.190.575,50</b>	<b>8.265.171,13</b>	<b>8.190.708,83</b>	<b>-0,90%</b>

**Cadro 4: Evolución dos créditos iniciais de gastos**

Créditos iniciais	2010	2011	2012	2013	Variación
Gasto Corrente	7.539.077,01	7.125.254,28	7.457.184,15	7.498.969,92	0,56%
Gasto Capital	490.859,37	585.995,02	426.340,47	399.385,41	-6,32%
<b>Gastos non financeiros</b>	<b>8.029.936,38</b>	<b>7.711.249,30</b>	<b>7.883.524,62</b>	<b>7.898.355,33</b>	<b>0,19%</b>
Activos Financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%
Pasivos Financeiros	513.839,44	479.326,20	381.646,51	281.032,97	-26,36%
<b>Gastos Financeiros</b>	<b>513.839,44</b>	<b>479.326,20</b>	<b>381.646,51</b>	<b>281.032,97</b>	<b>-26,36%</b>
<b>Total</b>	<b>8.543.775,82</b>	<b>8.190.575,50</b>	<b>8.265.171,13</b>	<b>8.179.388,30</b>	<b>-1,04%</b>

Dos datos expostos podemos destacar os seguintes aspectos:

- Con carácter xeral as variacións respecto do exercicio anterior son mínimas, apreciándose unha lixeira tendencia á baixa dende o ano 2010.
- Prevese unha redución do 0,95% dos ingresos non financeiros que se concentra nas menores previsións no capítulo 2-Impostos indirectos cunha redución do 56,53%, no capítulo 5-ingresos patrimoniais que diminúen nun 66,32% e no capítulo 7-Transferencias de capital cunha minoración nas previsións do 48.68%.
- Os orzamentos prevén un pequeno aumento nos gastos non financeiros motivado fundamentalmente polo incremento das transferencias correntes; pola súa contra contéplase unha diminución dos investimentos reais no que respecta ao gasto de capital.

- Nos gastos financeiros prevese unha redución do 26,36% na amortización de préstamos.

Conforme ao establecido na LOEOSF, a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, entendéndose por tal a situación de equilibrio ou superávit orzamentario en termos de capacidade de financiamento. O exame destas magnitudes orzamentarias mostra unha capacidade de financiamento do exercicio de 288,29 miles de euros que coa variación de operacións con pasivos financeiros reduce a capacidade de financiamento a 11,32 miles de euros.

**Cadro 5: Evolución do saldo orzamentario. Previsións iniciais.**

Concepto	2010	2011	2012	2013	Variación
(+) Operacións non financeiras	513.839,44	479.326,20	381.646,51	288.285,13	-24,46%
(+) Operacións activos financeiros	0,00	0,00	0,00	4.068,37	100,00%
I. Resultado do exercicio	513.839,44	479.326,20	381.646,51	292.353,50	-23,40%
II. Variación neta pasivos financeiros	-513.839,44	-479.326,20	-381.646,51	-281.032,97	-26,36%
Saldo orzamentario do exercicio (I + II)	0,00	0,00	0,00	11.320,53	100,00%

## III.2 LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

### III.2.1 LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

A liquidación do Orzamento de Ingresos recóllese no seguinte cadro:

**Cadro 6: Liquidación do orzamento de ingresos**

Capítulo	Previsións orzamentarias iniciais	Modificacións previsións orzamentarias	Previsións orzamentarias definitivas	Dereitos recoñecidos	Dereitos anulados	Dereitos recoñecidos netos	Recadación neta	Dereitos pendentes de cobro
1 Impostos directos.	3.196.990,14	0,00	3.196.990,14	3.239.555,57	43.703,25	3.195.852,32	2.869.806,42	326.045,90
2 Impostos indirectos.	55.969,80	0,00	55.969,80	44.327,87	0,00	44.327,87	42.922,98	1.404,89
3 Taxas e outros ingresos.	1.338.607,38	18.186,30	1.356.793,68	1.364.972,72	3.034,74	1.361.937,98	784.172,51	577.765,47
4 Transferencia correntes.	3.432.229,59	687.564,51	4.119.794,10	3.956.760,64	123.781,79	3.832.978,85	3.581.184,83	251.794,02
5 Ingresos patrimoniais.	131.871,19	0,00	131.871,19	145.681,68	900,00	144.781,68	66.635,07	78.146,61
6 Alleamento de investimentos reais.	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
7 Transferencias de capital.	30.972,36	152.717,64	183.690,00	171.773,90	0,00	171.773,90	171.773,90	0,00
8 Activos financeiros.	4.068,37	772.983,87	777.052,24	2.954,79	0,00	2.954,79	2.954,79	0,00
9 Pasivos financeiros.	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>Total xeral</b>	<b>8.190.708,83</b>	<b>1.631.452,32</b>	<b>9.822.161,15</b>	<b>8.926.027,17</b>	<b>171.419,78</b>	<b>8.754.607,39</b>	<b>7.519.450,50</b>	<b>1.235.156,89</b>

Nas comprobacións e cruces realizados entre a contabilidade financeira e a liquidación do orzamento só se detectaron diferencias de escasa relevancia (4,8 miles de euros) nas anulacións de dereitos recoñecidos.


A evolución dos ingresos liquidados en 2013 con relación ao ano anterior, así como a relevancia de cada fonte de financiamento sobre o total, e os índices de liquidación das previsións definitivas de ingresos e de recadación de dereitos liquidados, amosan os resultados que se recollen a continuación:

**Cadro 7: Evolución dos ingresos liquidados sobre o exercicio anterior**

Capítulo	Dereitos Recoñecidos Netos 2012	Dereitos Recoñecidos Netos 2013	Importancia relativa de cada cap. (DRN cap./DRN totais	Variación con relación ao ano anterior (DRN 2013-DRN 2012)/DRN 2012	Índice de liquidación de dereitos (DRN 2013/previsións definitivas)	Índice de recadación de dereitos (recadación neta 2013/DRN)
1 Impostos directos.	3.115.788,42	3.195.852,32	36,50%	2,57%	99,96%	89,80%
2 Impostos indirectos.	54.498,34	44.327,87	0,51%	-18,66%	79,20%	96,83%
3 Taxas e outros ingresos.	1.423.165,46	1.361.937,98	15,56%	-4,30%	100,38%	57,58%
4 Transferencia correntes.	3.305.566,67	3.832.978,85	43,78%	15,96%	93,04%	93,43%
5 Ingresos patrimoniais.	361.371,19	144.781,68	1,65%	-59,94%	109,79%	46,02%
7 Transferencias de capital.	364.390,09	171.773,90	1,96%	-52,86%	93,51%	100,00%
8 Activos financeiros.	2.846,54	2.954,79	0,03%	3,80%	0,38%	100,00%
<b>TOTAL</b>	<b>8.627.626,71</b>	<b>8.754.607,39</b>	<b>100,00%</b>	<b>1,47%</b>	<b>89,13%</b>	<b>85,89%</b>

Con relación ao ano anterior o maior incremento prodúcese nas transferencias correntes recibidas doutras administracións, onde os dereitos recoñecidos incrementáronse nun 15,96%. Sube así mesmo a liquidación dos impostos directos, motivada polo mellor comportamento do IBI debido ao incremento legal dos tipos de gravame do imposto, cunha suba do 3% do IBI de natureza urbana; tamén se produciron lixeiras melloras na recadación do IVTM e do IIVTNU. Os restantes capítulos presentan unha variación negativa, agás o capítulo 8 con mínima relevancia, sendo de resaltar a diminución de máis de 50% nos ingresos patrimoniais, debido a no ter ingresos pola concesión de sepulturas, e nas transferencias de capital.

**Gráfico 1: Importancia relativa dos capítulos de ingresos**



Os ingresos proveñen maioritariamente do capítulo 1-Impostos directos, do capítulo 3-Taxas, prezos públicos e outros ingresos e do capítulo 4-Tranferencias correntes; correspondendo do total de ingresos o 52,57% a tributos e o 45,74% a transferencias e subvencións

O índice de liquidación de dereitos do concello, que acadou o 89,13%, é superior á media dos concellos do seu mesmo tramo de poboación a nivel galego e estatal (do 86,28% e do 83,14%, respectivamente), pero atópase por debaixo da media da provincia que se sitúa no 95,65%.

A evolución das previsións de ingresos, dereitos recoñecidos netos e índices de realización e recadación de dereitos reflíctese no seguinte cadro:

**Cadro 8: Evolución dos ingresos liquidados**

Ano	Previsións orzamentarias definitivas	Dereitos recoñecidos netos	Recadación neta	% de realización de dereitos	% de recadación de dereitos recoñecidos
2010	12.400.386,93	10.595.994,87	9.823.486,92	85,45%	92,71%
2011	11.127.558,78	8.610.594,85	8.000.541,36	77,38%	92,92%
2012	9.948.711,70	8.627.626,71	7.844.369,25	86,72%	90,92%
2013	9.822.161,15	8.754.607,39	7.519.450,50	89,13%	85,89%

Finalmente, o cadro seguinte recolle os principais indicadores do orzamento de ingresos do Concello do Barco de Valdeorras:

**Cadro 9: Indicadores do orzamento de ingresos. Evolución e comparación con concellos no mesmo tramo de poboación**

Indicador	Ámbito	2010	2011	2012	2013
<b>Execución orzamento ingresos</b>	<b>O Barco de Valdeorras</b>	<b>85,45%</b>	<b>77,38%</b>	<b>86,72%</b>	<b>89,13%</b>
DRN/Previsións ingresos	Media Ourense	66,84%	63,95%	92,81%	95,65%
	Media Galicia	73,25%	74,45%	93,15%	86,28%
	Media nacional	69,08%	72,49%	90,60%	83,14%
<b>Autonomía</b>	<b>O Barco de Valdeorras</b>	<b>68,70%</b>	<b>81,94%</b>	<b>90,18%</b>	<b>87,72%</b>
DRN (Capítulos 1,2,3,5,6 e 8)+ transferencias recibidas /DRN	Media Ourense	53,08%	63,89%	75,89%	80,84%
	Media Galicia	60,91%	73,84%	74,38%	80,80%
	Media nacional	63,34%	75,56%	70,53%	80,04%
<b>Autonomía fiscal</b>	<b>O Barco de Valdeorras</b>	<b>36,80%</b>	<b>46,87%</b>	<b>49,62%</b>	<b>50,35%</b>
DRN tributarios/DRN	Media Ourense	29,46%	37,98%	44,29%	48,83%
	Media Galicia	35,19%	44,17%	44,35%	48,01%
	Media nacional	41,44%	49,04%	46,28%	52,42%
<b>Índice de dependencia das subvencións recibidas</b>	<b>O Barco de Valdeorras</b>	<b>31,30%</b>	<b>18,06%</b>	<b>9,82%</b>	<b>12,28%</b>
DRN Capítulos 4 e 7/DRN	Media Ourense	25,63%	14,18%	10,76%	16,79%
	Media Galicia	31,50%	21,34%	13,38%	12,57%
	Media nacional	27,00%	17,29%	10,65%	10,96%

Indicador	Ámbito	2010	2011	2012	2013
<b>Realización dos cobros</b>	<b>O Barco de Valdeorras</b>	<b>92,71%</b>	<b>92,92%</b>	<b>90,92%</b>	<b>85,89%</b>
Recadación neta/DRN	Media Ourense	68,71%	68,75%	87,24%	85,34%
	Media Galicia	85,77%	87,61%	91,10%	85,09%
	Media nacional	78,07%	79,36%	82,60%	79,57%

Obsérvase que o concello do Barco de Valdeorras presenta un índice de realización dos cobramentos lixeiramente superior á media da provincia e de Galicia, superando amplamente a media estatal. Esta comparativa indica tamén que presenta un cociente de autonomía por encima dos outros ámbitos. Pola súa parte, os recursos de orixe tributaria son algo superiores á media autonómica e provincial e tamén próximos pero inferiores á media estatal. O índice de dependencia dos recursos procedentes doutras administracións é similar á media de Galicia, algo máis de un punto porcentual superior á media nacional e 4,5 puntos por debaixo da media provincial.

### III.2.2. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

A liquidación do orzamento de gastos reflíctese no seguinte cadro:

**Cadro 10: Liquidación do orzamento de gastos**

Capítulo	Créditos iniciais	Modificación créditos	Créditos definitivos	Gastos comprometidos	Obrigas recoñecidas 2013	Pagos	Obrigas pendentes de pago	Remanentes crédito
1 Gastos de persoal	3.562.900,20	386.990,36	3.949.890,56	3.770.661,84	3.748.040,61	3.656.261,40	91.779,21	201.849,95
2 Gasto corrente en bens e servizos	3.657.858,51	183.347,53	3.841.206,04	3.291.206,37	3.278.387,59	2.826.662,10	451.725,49	562.818,45
3 Gastos financeiros	34.146,27	-843,23	33.303,04	8.756,83	8.756,83	8.756,83	0,00	24.546,21
4 Transferencias correntes	244.064,94	33.778,96	277.843,90	183.422,63	182.849,31	63.310,33	119.538,98	94.994,59
6 Investimentos reais	315.361,04	1.023.307,70	1.338.668,74	940.898,20	868.075,04	836.080,37	31.994,67	470.593,70
7 Transferencias de capital	84.024,37	0,00	84.024,37	21.504,95	21.504,95	6.396,87	15.108,08	62.519,42
8 Activos financeiros	0,00	4.027,77	4.027,77	4.027,77	4.027,77	4.027,77	0,00	0,00
9 Pasivos financeiros	281.032,97	843,23	281.876,20	281.876,20	281.876,20	281.876,20	0,00	0,00
<b>Total xeral</b>	<b>8.179.388,30</b>	<b>1.631.452,32</b>	<b>9.810.840,62</b>	<b>8.502.354,79</b>	<b>8.393.518,30</b>	<b>7.683.371,87</b>	<b>710.146,43</b>	<b>1.417.322,32</b>

Nas comprobacións e cruces realizados entre a contabilidade financeira e a liquidación do orzamento non se detectaron diferencias de relevancia.

Os créditos iniciais dos orzamentos correspondentes ao exercicio 2013 son inferiores ás obrigas recoñecidas no ano anterior nun 2,40%. Nos artigos 45 e 72 que corresponden a transferencias á Comunidade Autónoma e ao Estado, respectivamente, aínda que se consignaron créditos iniciais no exercicio 2013 cando non tiveran obrigas recoñecidas no ano anterior, só acadaron un nivel de execución do 7,29% e do 24,12% sobre os créditos definitivos do exercicio.



A análise do ritmo de execución mensual das obrigacións recoñecidas ao longo do ano permite concluír que o mesmo vai de menos a máis a medida que avanza o ano, por debaixo do 6% no primeiro trimestre e entre o 7% e o 9% no resto do ano, coa excepción dos meses de outubro e decembro nos que se recoñecen respectivamente un 11,96% e 19,00% do total de obrigas do exercicio.


A importancia relativa de cada tipo de gasto sobre o total, a súa evolución con relación ao ano anterior e os índices de execución e pago das obrigacións son os seguintes:

**Cadro 11: Evolución dos gastos liquidados sobre o exercicio anterior**

Capítulo	Obrigas recoñecidas 2012	Obrigas recoñecidas 2013	Importancia de cada cap.: OR capítulo/total OR	Variación das OR 2013 con relación ás OR 2012	Índice de execución orzamentaria	Índice de pago das obrigas
1 Gastos de persoal.	3.279.143,80	3.748.040,61	44,65%	14,30%	94,89%	97,55%
2 Gasto corrente en bens e servizos.	3.466.594,19	3.278.387,59	39,06%	-5,43%	85,35%	86,22%
3 Gastos financeiros.	27.348,20	8.756,83	0,10%	-67,98%	26,29%	100,00%
4 Transferencias correntes.	163.330,55	182.849,31	2,18%	11,95%	65,81%	34,62%
6 Investimentos reais.	998.149,32	868.075,04	10,34%	-13,03%	64,85%	96,31%
7 Transferencias de capital.	60.000,00	21.504,95	0,26%	-64,16%	25,59%	29,75%
8 Activos financeiros.	2.806,86	4.027,77	0,05%	43,50%	100,00%	100,00%
9 Pasivos financeiros.	382.878,27	281.876,20	3,36%	-26,38%	100,00%	100,00%
<b>Total xeral</b>	<b>8.380.251,19</b>	<b>8.393.518,30</b>	<b>100,00%</b>	<b>0,16%</b>	<b>85,55%</b>	<b>91,54%</b>

En termos globais as obrigacións recoñecidas no exercicio practicamente non variaron respecto ás do ano anterior. En termos relativos o principal aumento produciuse no capítulo 1-Gastos de persoal que representa o 44,65% das obrigacións recoñecidas no exercicio. Tamén se produciron subas nas transferencias correntes e nos activos financeiros aínda que a súa importancia relativa é moito menor.

Gráfico 2: Importancia relativa dos capítulos de gasto



Se analizamos a composición do gasto e o comparamos cos restantes concellos do mesmo tramo de poboación, resulta o seguinte:

Cadro 12: Evolución dos tipos de gasto e comparación con concellos no mesmo tramo de poboación

Tipo de gasto	Nivel	2010	2011	2012	2013
Gastos de funcionamento (Capítulos I e II)	Estado	64,92%	71,14%	75,40%	75,92%
	Galicia	64,92%	71,64%	76,51%	76,99%
	<b>O Barco de Valdeorras</b>	<b>75,01%</b>	<b>76,58%</b>	<b>80,50%</b>	<b>83,71%</b>
Transferencias e subvencións (Capítulos IV e VII)	Estado	6,15%	6,20%	6,48%	6,18%
	Galicia	4,89%	5,01%	5,86%	5,60%
	<b>O Barco de Valdeorras</b>	<b>1,94%</b>	<b>1,99%</b>	<b>2,66%</b>	<b>2,43%</b>
Inversións reais (Capítulo VI)	Estado	23,63%	16,46%	9,46%	7,89%
	Galicia	25,39%	18,05%	11,19%	9,31%
	<b>O Barco de Valdeorras</b>	<b>17,48%</b>	<b>15,90%</b>	<b>11,91%</b>	<b>10,34%</b>
Operacións financeiras (Capítulos III, VIII e IX)	Estado	5,30%	6,20%	8,66%	10,01%
	Galicia	4,81%	5,30%	6,44%	8,11%
	<b>O Barco de Valdeorras</b>	<b>5,58%</b>	<b>5,53%</b>	<b>4,93%</b>	<b>3,51%</b>

Un 83,71% dos gastos totais son gastos de funcionamento (gasto corrente en bens e servizos e gastos de persoal), porcentaxe superior á media de Galicia e á media estatal. O gasto en transferencias e subvencións e as operacións financeiras, que representan entre os dous algo menos do 6% das obrigas do exercicio, son inferiores ás medias de referencia; pola súa parte os investimentos reais co 10,34% son superiores á media do Estado e de Galicia.

Finalmente, o seguinte cadro recolle os principais indicadores do orzamento de gastos:

**Cadro 13: Indicadores do orzamento de gastos. Evolución e comparación con concellos no mesmo tramo de poboación**

Indicador	Ámbito	2010	2011	2012	2013
<b>Execución orzamento gastos</b>	<b>O Barco de Valdeorras</b>	<b>79,07%</b>	<b>85,20%</b>	<b>84,23%</b>	<b>85,55%</b>
ORN/Créditos definitivos	Media Ourense	66,03%	65,80%	87,67%	87,91%
	Media Galicia	74,30%	80,99%	84,31%	83,14%
	Media nacional	70,00%	75,88%	75,63%	76,83%
<b>Índice gastos persoal</b>	<b>O Barco de Valdeorras</b>	<b>47,32%</b>	<b>48,53%</b>	<b>39,70%</b>	<b>43,68%</b>
ORN Capitulo 1/DRN 1 a 5	Media Ourense	41,96%	41,19%	43,86%	42,14%
	Media Galicia	40,41%	43,07%	38,11%	35,79%
	Media nacional	44,13%	44,22%	38,17%	37,10%
<b>Esfuerzo investidor</b>	<b>O Barco de Valdeorras</b>	<b>17,55%</b>	<b>15,94%</b>	<b>12,63%</b>	<b>10,60%</b>
ORN Capitulo 6 e 7/ORN	Media Ourense	18,51%	9,53%	11,12%	14,95%
	Media Galicia	24,62%	18,17%	12,13%	9,23%
	Media nacional	22,83%	15,92%	8,99%	7,75%
<b>Carga financeira exercicio</b>	<b>O Barco de Valdeorras</b>	<b>6,62%</b>	<b>6,61%</b>	<b>4,97%</b>	<b>3,39%</b>
ORN Capítulos 3 e 9/DRN 1 a 5	Media Ourense	4,78%	5,88%	8,69%	6,92%
	Media Galicia	5,78%	6,10%	7,31%	7,85%
	Media nacional	6,68%	7,14%	8,93%	9,26%
<b>Realización dos pagos</b>	<b>O Barco de Valdeorras</b>	<b>91,41%</b>	<b>88,76%</b>	<b>91,14%</b>	<b>91,54%</b>
Pagos líquidos/ORN	Media Ourense	64,44%	65,21%	84,95%	88,69%
	Media Galicia	79,22%	82,08%	88,12%	85,70%
	Media nacional	77,15%	78,24%	83,13%	83,88%

Quedan sen executar 1.417,32 miles de euros de créditos definitivos, resultando un grao de execución do orzamento do 85,55%, que é superior ás medias autonómica e estatal, o mesmo ocorre co esforzo investidor que acada o 10,60%; os gastos de persoal e de realización dos pagamentos sitúanse por encima de todas as medias consideradas; polo contrario a carga financeira do exercicio é inferior a todas as medias.

### III.3 RESULTADO ORZAMENTARIO

O resultado orzamentario que consta na Conta Xeral presentada, e cuxas cifras coinciden coa liquidación, é o seguinte:

**Cadro 14: Resultado orzamentario do exercicio**

Conceptos	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Axustes	Resultado orzamentario
I. Operacións non financeiras	8.751.652,60	8.107.614,33	0	644.038,27
II. Activos financeiros	2.954,79	4.027,77	0	-1.072,98
III. Pasivos financeiros	0	281.876,20	0	-281.876,20
<b>RDO. ORZAMENTARIO EXERCICIO (I+II+III)</b>	<b>8.754.607,39</b>	<b>8.393.518,30</b>	<b>0</b>	<b>361.089,09</b>
IV. Créditos gastados financiados con remanentes de tesourería para gastos xerais	0	0	295.558,35	0
V. Desviacións de financiamento negativas do exercicio	0	0	627.886,11	0
VI. Desviacións de financiamento positivas do exercicio	0	0	150.571,67	0
<b>RDO. ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II+III+IV+V+VI)</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0</b>	<b>1.133.961,89</b>

O saldo da conta 413 (acreedores por operacións pendentes de aplicar a orzamento), tanto en 2012 como en 2013, é de 0 euros polo que non afecta á valoración do resultado orzamentario.

Por outro lado, ao analizar os recoñecementos extraxudiciais de créditos (REC) do ano 2013, que ascenderon a 54,43 miles de euros, comprobouse que se trata de gastos de exercicios anteriores que se imputan ao actual. Sen embargo non se contabilizaron na conta 413 a 31 de decembro de 2012, xa que esta tiña un saldo de 0 euros nesa data; algo semellante sucede no exercicio 2014 no que se recoñeceron extraxudicialmente créditos por importe de 111,30 miles de euros que se deberían ter rexistrado na conta 413 do exercicio 2013 a cal ao 31 de decembro tiña saldo 0.

En todos estes casos o resultado orzamentario debería incrementarse na contía dos gastos de exercicios anteriores imputados ao corrente e minorarse polos gastos do exercicio corrente nos que a súa imputación se pospón para o exercicio seguinte.

A evolución do resultado orzamentario nos últimos anos recóllese a continuación:

**Cadro 15: Evolución do resultado orzamentario**

CONCEPTO	2010	2011	2012	2013
a. Aforro Bruto (saldo de operacións correntes)	699.417,33	390.480,51	1.323.973,34	1.361.844,36
b. Outras operacións non financeiras	606.301,42	-775.579,35	-693.759,23	-717.806,09
I. Superávit/Déficit non financeiro (Total operacións non financeiras (a+b))	1.305.718,75	-385.098,84	630.214,11	644.038,27
II. Activos financeiros	-465,18	-2.706,99	39,68	-1.072,98
III. Variación neta de endebedamento (Pasivos financeiros)	-513.839,44	-482.421,24	-382.878,27	-281.876,20
<b>RDO. ORZAMENTARIO. EXERCICIO (I+II+III)</b>	<b>791.414,13</b>	<b>-870.227,07</b>	<b>247.375,52</b>	<b>361.089,09</b>
IV. Créditos gastados financiados con remanentes de tesourería para gastos xerais	419.860,06	594.928,60	456.793,61	295.558,35
V. Desviacións de financiamento negativas do exercicio	505.943,81	1.061.785,87	599.058,02	627.886,11
VI. Desviacións de financiamento positivas do exercicio	1.105.077,72	652.787,28	334.820,30	150.571,67
<b>RDO. ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II+III+IV+V+VI)</b>	<b>612.140,28</b>	<b>133.700,12</b>	<b>968.406,85</b>	<b>1.133.961,88</b>

## Aforro Bruto

O aforro bruto representa o importe que resulta de descontar os gastos correntes dos ingresos correntes (capítulos 1 a 5 en ambos os casos), podendo destinarse ao financiamento doutro tipo de gasto. Neste exercicio dedícanse a financiar parte dos investimentos reais, activos financeiros e amortizacións de préstamos. En definitiva, e como se reflicte nos dous cadros anteriores, hai un superávit non financeiro de 644,04 miles de euros, dos que 1,07 miles de euros empréganse no financiamento de activos financeiros e 281,88 miles de euros na redución do endebedamento. O saldo positivo resultante, incrementado polos créditos gastados e financiados co remanente de

tesourería e unido ás desviacións de financiamento dá como resultado unha capacidade de financiamento de 1.133,96 miles de euros.

Esta capacidade de financiamento vense incrementando nos últimos 4 exercicios, agás no ano 2011, tal como se amosa no seguinte cadro:

**Cadro 16: Evolución da capacidade de financiamento**

	2010	2011	2012	2013
(+) Operacións non financeiras	1.305.718,75	-385.098,84	630.214,11	644.038,27
(+) Operacións activos financeiros	-465,18	-2.706,99	39,68	-1.072,98
I. Resultado do exercicio	1.305.253,57	-387.805,83	630.253,79	642.965,29
II. Variación neta pasivos financeiros	-513.839,44	-482.421,24	-382.878,27	-281.876,20
Saldo orzamentario do exercicio (I + II)	791.414,13	-870.227,07	247.375,52	361.089,09
(+) Créditos financiados co remanente tesourería	419.860,06	594.928,60	456.793,61	295.558,35
(+) Desviacións negativas financiamento	505.943,81	1.061.785,87	599.058,02	627.886,11
(-) Desviacións positivas financiamento	1.105.077,72	652.787,28	334.820,30	150.571,67
(+) Capacidade/ (-) Necesidade financiamento	612.140,28	133.700,12	968.406,85	1.133.961,88


No seguinte cadro pode observarse que tanto o aforro bruto como o superávit no financeiro previstos nos orzamentos foron inferiores aos obtidos trala súa execución:

**Cadro 17: Evolución aforro bruto, superávit non financeiro e endebedamento**

Execución orzamento	2010	2011	2012	2013
Ingresos Operación Correntes	8.269.536,44	7.873.548,41	8.260.390,08	8.579.878,70
Gastos operacións correntes	7.570.119,11	7.483.067,90	6.936.416,74	7.218.034,34
Aforro Bruto	699.417,33	390.480,51	1.323.973,34	1.361.844,36
Aforro Bruto. Previsións Iniciais	972.522,81	1.034.205,05	747.634,22	656.698,18
Ingresos De Capital	2.326.923,61	735.931,76	364.390,09	171.773,90
Gastos de Capital	1.720.622,19	1.511.511,11	1.058.149,32	889.579,99
Superávit/Déficit non financeiro	1.305.718,75	-385.098,84	630.214,11	644.038,27
Superávit/Déficit non financeiro. Previsións Iniciais	513.839,44	479.326,20	381.646,51	288.285,13
Emisión débeda	0,00	0,00	0,00	0,00
Amortizacións	513.839,44	482.421,24	382.878,27	281.876,20
Variación Neta Endebedamento	-513.839,44	-482.421,24	-382.878,27	-281.876,20
Variación Neta Endebedamento. Previsións Iniciais	-513.839,44	-479.326,20	-381.646,51	-281.032,97

A análise da evolución do aforro bruto permite apreciar un gran incremento no exercicio 2012 respecto aos anteriores, manténdose practicamente no mesmo importe no ano 2013.

Gráfico 3: Evolución do aforro bruto e magnitudes vinculadas



### III.4. REMANENTE DE TESOURERÍA

Na análise dos datos que figuran na memoria da conta xeral do exercicio 2013, da súa comparación coa liquidación e do cálculo dos saldos de dubidoso cobro segundo o TRLRFL e as BEO, detectouse unha discrepancia que motivou a realización dun axuste de 1.319,34 euros na contía dos fondos líquidos do exercicio 2013; tamén se comprobou que os datos relativos ao exercicio 2012 non figuran correctamente na conta xeral de 2013 presentada.

Tralo axuste e correccións realizadas, o remanente de tesourería dos exercicios 2012 e 2013 é o seguinte:

Cadro 18: Remanente de tesourería do exercicio actual e anterior

Concepto	2012	2013
1. Fondos líquidos	1.047.823,54	763.768,29
2. Dereitos pendentes de cobramento	2.823.812,65	3.101.417,91
(+) Do orzamento corrente	783.257,46	1.235.156,89
(+) De orzamentos pechados	2.048.515,61	1.874.104,76
(+) De operacións non orzamentarias	5.491,32	5.608,00
(-) Cobramentos pendentes de aplicación definitiva	13.451,74	13.451,74
3. Obrigacións pendentes de pago	986.222,27	995.533,66
(+) Do orzamento corrente	742.687,09	710.146,43
(+) De orzamentos pechados	4.276,21	3.820,13
(+) De operacións non orzamentarias	326.630,24	368.938,37
(-) Pagos pendentes de aplicación definitiva	87.371,27	87.371,27
<b>I. Remanente de tesourería total (1+2-3)</b>	<b>2.885.413,92</b>	<b>2.869.652,54</b>
II. Saldos de dubidoso cobramento	1.522.152,69	1.608.483,93
III. Exceso de financiamento afectado	436.912,33	201.750,91
<b>IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I – II – III)</b>	<b>926.348,90</b>	<b>1.059.417,70</b>

Prodúcese un incremento respecto ao remanente de tesourería do ano anterior de 133,07 miles de euros a pesar da diminución dos fondos líquidos, a mellora atópase fundamentalmente no aumento dos dereitos pendentes de cobro e na redución do exceso de financiamento afectado.

Por último, a comparación do remanente de tesourería para gastos xerais declarado do concello do Barco de Valdeorras co resto de concellos do seu mesmo tramo de poboación no ámbito provincial, de Galicia e do Estado, pon de manifesto que, como se reflicte no seguinte cadro, é similar á media da provincia e de Galicia e inferior á media do Estado.

**Cadro 19: Comparación do Remanente de tesourería para gastos xerais**

Remanente de tesourería para gastos xerais de concellos entre 10.001 e 20.000 habitantes	Importe medio
O Barco de Valdeorras	1.058.098,36
Ourense	1.072.248,37
Galicia	1.080.042,38
Estado	1.909.536,99

### III.5. INDICADORES DAS MAGNITUDES ORZAMENTARIAS

En relación ao resultado orzamentario e ao remanente de tesourería, calculáronse os seguintes indicadores:

**Cadro 20: Indicadores magnitudes orzamentarias**

Indicador	Ámbito	2010	2011	2012	2013
<b>Índice de aforro bruto</b>	<b>O Barco de Valdeorras</b>	<b>8,46%</b>	<b>4,96%</b>	<b>16,03%</b>	<b>15,87%</b>
(DRN cap. 1 a 5 excepto 35, 396 e 397-ORN cap. 1 a 4)*100/DRN cap. 1 a 5 agás 35, 396 e 397	Media Ourense	5,30%	5,76%	3,75%	17,65%
	Media Galicia	9,89%	7,20%	7,99%	13,74%
	Media nacional	6,70%	8,19%	12,87%	16,63%
<b>Índice de aforro bruto non financeiro</b>	<b>O Barco de Valdeorras</b>	<b>8,86%</b>	<b>5,44%</b>	<b>16,36%</b>	<b>15,97%</b>
(DRN cap. 1 a 5 excepto 35, 396 e 397-ORN cap. 1,2 e 4)*100/DRN cap. 1 a 5 agás 35, 396 e 397	Media Ourense	6,10%	6,85%	5,60%	19,36%
	Media Galicia	10,68%	8,28%	9,46%	15,39%
	Media nacional	7,99%	9,88%	15,22%	19,21%
<b>Superávit/déficit por habitante</b>	<b>O Barco de Valdeorras</b>	<b>43,31</b>	<b>9,47</b>	<b>68,92</b>	<b>80,94</b>
Resultado orzamentario axustado/Nº de habitantes	Media Ourense	-5,83	7,12	83,83	77,39
	Media Galicia	28,59	14,25	83,70	60,58
	Media nacional	22,60	39,49	210,59	108,99
<b>Contribución do orzamento ao remanente de tesourería</b>	<b>O Barco de Valdeorras</b>	<b>0,54</b>	<b>0,21</b>	<b>1,05</b>	<b>1,07</b>
Resultado orzamentario axustado/Remanente de tesourería para gastos xerais	Media Ourense	0,84	-0,20	0,79	0,40
	Media Galicia	0,87	0,88	0,86	0,39
	Media nacional	1,20	0,57	-35,07	1,41

Indicador	Ámbito	2010	2011	2012	2013
<b>Remanente por ingresos correntes</b>	<b>O Barco de Valdeorras</b>	<b>0,14</b>	<b>0,08</b>	<b>0,11</b>	<b>0,12</b>
(Remanente de tesourería para gastos xerais-saldo413)/DRN (cap. 1 a 5, agás 35,396 e 397)	Media Ourense	0,03	-0,13	0,02	0,12
	Media Galicia	-0,04	-0,13	0,05	0,07
	Media nacional	-0,07	-0,15	0,10	0,10
<b>Índice de debedores de dubidoso cobro</b>	<b>O Barco de Valdeorras</b>	<b>60,05%</b>	<b>57,77%</b>	<b>53,90%</b>	<b>51,86%</b>
Saldos de dubidoso cobro*100/Debedores pendentes de cobro	Media Ourense	25,31%	35,45%	36,28%	43,79%
	Media Galicia	38,38%	43,19%	46,16%	45,70%
	Media nacional	22,50%	25,86%	30,35%	36,61%

Como se pode apreciar nos indicadores calculados, o índice de aforro bruto é superior á media de Galicia, similar á media nacional e inferior á media provincial, o aforro bruto non financeiro é inferior á media provincial e nacional, o superávit por habitante e a contribución do orzamento ao remanente para gastos xerais só son inferiores á media nacional, e o remanente por ingresos correntes é similar a todas as medias. O índice de debedores de dubidoso cobro, que reflicte a porcentaxe que representan os debedores de dubidoso cobro sobre o total de debedores pendentes de cobro, é superior todas as medias consideradas.

### III.6 CONTABILIDADE FINANCEIRA

O Concello ten implantado o modelo normal da Instrución de Contabilidade para Entidades Locais, aprobado por Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 23 de novembro do 2004.

As contas anuais comprenden o Balance, a Conta do resultado económico-patrimonial, o Estado de liquidación do orzamento e a Memoria.

O concello do Barco de Valdeorras remite ao Consello de Contas o libro diario de contabilidade financeira e a partir do mesmo elabóranse os estados contables, que coinciden cos achegados.

Sen embargo, na revisión efectuada sobre as contas anuais e a contabilidade detectáronse os seguintes feitos de relevancia:

#### **Inventario**

O Concello non dispón dun inventario de bens e dereitos aprobado polo pleno. O inventario existente non está actualizado, non inclúe todos os bens da entidade, non está correctamente contabilizado, nin están inscritos no Rexistro da Propiedade os bens inmobles e dereitos reais, segundo establece o artigo 36 do Regulamento de Bens de Entidades Locais. Ao non estar inventariados os bens, a súa amortización non se pode dotar seguindo a Regra 19 da ICAL, en función da súa vida útil e valor de adquisición, senón que se dotan seguindo un criterio de



prudencia aplicando ao seu valor neto contable porcentaxes teóricas en función da natureza do inmovilizado.

### **Antigüidade de saldos**

Non se realizan periodicamente actuacións de depuración de dereitos pendentes de cobro e obrigacións pendentes de pago.

### **Provisión para riscos e gastos**

Non se dota ningunha provisión para riscos e gastos aínda que si existían responsabilidades probables ou certas procedentes de litixios en curso.

## **IV. RESULTADOS DA FISCALIZACIÓN**

### **IV.1 CONTROL INTERNO**

A función de control e fiscalización interna comprende tres tipos de actividades: a función interventora, a función de control financeiro e a función de control de eficacia. Así resulta da normativa existente ao respecto, tanto a xeral como a propia da Administración Local (artigos 213 e seguintes do TRLRFL e no RDFHCN).

De conformidade co disposto no punto 49 Coñecemento do sistema de control interno e do entorno de control da norma ISSAI-ES-400 "Principios fundamentais da fiscalización de Cumprimento", os auditores deben coñecer o entorno de control e o sistema de control interno implantado e considerar si é posible garantir o seu funcionamento.

En consecuencia, analizouse a función de control e fiscalización interna, na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia, regulada nos artigos 213 e seguintes do TRLRFL e no RDFHCN.

No que respecta á función interventora, avalíouse como se efectúa a fiscalización previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos e obrigas de contido económico. Neste sentido destácase:

1. Non existe un organigrama da área de Intervención e Contabilidade coa descrición das funcións de cada un dos seus empregados, nin existe un manual de procedementos relacionados coas devanditas áreas.
2. A Intervención non sempre ten acceso á documentación sometida a fiscalización previa cun prazo que se considere suficiente (10 días).

3. O artigo 48 das BEO refírese aos extremos mínimos que se deben comprobar nos expedientes de gasto sometidos a fiscalización previa, que son os previstos polo artigo 219.2 do TRLRFL, incluíndo ademais o cumprimento dos requisitos esixidos polo artigo 174 TRLRFL para os gastos plurianuais, sen embargo non se prevé unha fiscalización plena posterior de acordo co previsto no artigo 219.3.

4. Todas as facturas recibidas anótanse no rexistro de facturas e remítense ao órgano responsable da obrigaón económica correspondente. Con todo, non se lle require a este responsable se pasado un mes desde a anotación no Rexistro non está tramitado o recoñecemento da obrigaón.

No exercicio 2013 a práctica era incorporar ao informe trimestral de morosidade todas as facturas para as que se excedía o prazo de 3 meses desde a súa anotación sen tramitar a obrigaón nin xustificar a ausencia da mesma.

5. Non existen normas escritas sobre o arquivo de documentos, a súa accesibilidade e a súa protección segura.

6. Non existe un procedemento ou sistema específico de control que permita localizar no seu caso operacións non rexistradas.

7. Durante o exercicio 2013 formuláronse pola Intervención un total de 142 informes de reparo de legalidade, 23 deles con carácter suspensivo, sobre determinados aspectos da actividade económico-financeira municipal. O obxecto dos reparos suspensivos son facturas e a fase de gasto reparada é a fase de recoñecemento de obrigaóns, previa ao pago.

8. Durante o exercicio 2013 aprobáronse un total de 2 expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos. As obrigas recoñecidas e pagos realizados por este procedemento, que as normas relativas ás facendas locais configuran como excepcional, acadaron a cantidade de 54,43 miles de euros. Revisados os expedientes de REC do exercicio 2013 dedúcese que se trata de gastos de exercicios anteriores pendentes do recoñecemento da obrigaón nas que se poderían dar causas de nulidade ao referirse algunhas das facturas ou negocios xurídicos incluídos nos expedientes a casos de prestacións continuadas superiores a un ano ou que superan a contía do contrato menor ou con ausencia total de procedemento contractual.

Os artigos 173.5 e 176 do TRLFL impiden, dunha banda, facer fronte aos compromisos de gastos adquiridos sen consignación orzamentaria por ser nulos de pleno dereito e, doutra, prohiben como regra xeral que ao orzamento dun exercicio se imputen obrigas derivadas de prestacións realizadas no exercicio anterior. Dada esta situación, e para evitar o enriquecemento inxusto da

Administración, o artigo 60.2 RD 500/1990 establece que corresponde ao Pleno a competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria, e o 26.2 c) do mesmo texto regulamentario permite que se imputen ao orzamento vixente as obrigas derivadas dos recoñecementos extraxudiciais.

O recoñecemento extraxudicial é unha figura excepcional que debería utilizarse en casos moi concretos para dar solución a aspectos moi puntuais, e nunca como un medio elusivo para o incumprimento da normativa de contratación. Así, naqueles supostos en que a causa subxacente do recoñecemento extraxudicial de créditos sexa unha nulidade de pleno dereito (artigo 29 do TRLCSP e artigo 62 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, LXPAC, daquela vixente), o procedemento a seguir para regularizar a situación creada establécese no artigo 34 do TRLCSP, que sinala que a revisión de oficio dos actos preparatorios e de adxudicación dos contratos tense que levar a cabo de conformidade co establecido na LXPAC (hoxe Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). Os supostos de nulidade en materia de contratación xorden cando os contratos se adxudican de xeito verbal ou cando os seus actos de preparación ou adxudicación son inválidos (ausencia de crédito orzamentario, ausencia de procedemento, contratación con persoas incapaces ou incursas en prohibición de contratar).

## **IV.2 ÁREA CONTABLE-ORZAMENTARIA**

Revisouse a integridade da información económico financeira facilitada polo concello do Barco de Valdeorras, co seguinte resultado:

- Os datos que figuran na liquidación dos orzamentos de gastos e ingresos concilian cos que figuran nos decretos de aprobación do orzamento.
- As modificación orzamentarias, tanto de gastos como de ingresos, ascenden ao mesmo importe manténdose polo tanto o equilibrio orzamentario.
- Na base 5 das BEO establécense os distintos niveis de vinculación xurídica dos créditos que son:
  - Con carácter xeral a vinculación xurídica é a nivel de grupo de programa e artigo.
  - Para os gastos de persoal, con carácter xeral, a vinculación é a de área de gasto e capítulo.
  - Os gastos financeiros e os pasivos financeiros están vinculados a nivel de área de gastos e artigo.

- Os créditos para investimentos a realizar con financiamento afectado vinculan sobre si mesmos.
- Se os houberse, os créditos destinados a REC tamén vincularán sobre si mesmos.
- Comprobouse que se cumpriu cos distintos niveis de vinculación xurídica non superando as obrigas recoñecidas os créditos dispoñibles.
- Tanto o Balance como a conta de resultado económico-patrimonial reconstruídos a partir do balance de comprobación concilian cos estados que figuran na conta xeral rendida polo concello.
- Analizouse igualmente a posibilidade de dotacións a provisións inexistentes ou incorrectas, verificando a antigüidade dos dereitos pendentes de cobro e o importe da provisión contable e da minoración no estado do Remanente de Tesourería.

Tanto no saldo da conta 490 Provisión por debedores de dubidoso cobro como no remanente de tesourería rexistrouse a mesma cantidade que ascendeu a 1.608,48 miles de euros.

A base 67 das BEO considera de difícil ou imposible recadación os dereitos cunha antigüidade superior a dous exercicios económicos, agás que as garantías do dereito, do debedor ou da garantía achegada xustifiquen outra consideración.

Realizado o cálculo da dotación mínima da provisión por insolvencias segundo os criterios establecidos no artigo 193.bis do TRLRFL e nas regras contidas nas BEO, resulta que a dotación que figura no remanente de tesourería e na conta 490 é superior, polo que se cumpre coa dotación mínima obrigatoria.

- A efectos de dotar unha provisión para cubrir as responsabilidades probables ou certas derivadas de litixios en curso, indemnizacións ou obrigas pendentes de contía indeterminada que afecten ao concello, débese valorar o risco que estes poden supoñer en canto á xeración de obrigas económicas que non estean rexistradas na súa contabilidade. Comprobouse que o concello non dota ningunha provisión para riscos e gastos aínda que, de acordo co informado polo concello, si existían responsabilidades probables ou certas derivadas de litixios en curso.
- Procedeuse á valoración do posible risco de estimacións orzamentarias de ingresos excesivas ou non realistas, que dean lugar á execución excesiva de gasto e peche en déficit. Fíxose unha comparación a nivel de artigo entre as previsións iniciais do ano 2013 e os dereitos recoñecidos netos no exercicio 2012, e tamén entre as previsións definitivas do exercicio 2013 e os dereitos recoñecidos netos dese ano. O resultado foi que con carácter xeral nas previsións iniciais, que foron un 5% inferiores aos dereitos recoñecidos netos do ano anterior, e nas previsións definitivas non se aprecian estimacións excesivas ou pouco realistas.

### IV.3 ESTADO DE ENDEBAMENTO

A débeda viva a 31 de decembro de 2013 declarada polo concello do Barco de Valdeorras ascende a 1.889,81 miles de euros que se reparten en 10 créditos bancarios e en 2 débedas coa Administración do Estado polos excesos na participación nos tributos do Estado dos anos 2008 e 2009.

A información presentada neste estado da memoria non diferencia entre débeda a curto e a longo prazo tal e como esixen as normas da ICAL.

Segundo a memoria a débeda bancaria ascende a 1.554,67 miles de euros, importe que coincide coa suma das contas 171 e 521 que corresponden a débedas a longo e a curto prazo respectivamente.

En canto á débeda co Estado a memoria informa dunha débeda de 335,14 miles de euros, sen embargo a suma das contas 171 e 521 rexistra un importe de 324,86 miles de euros. Esta discrepancia explicouse polo concello nas alegacións ás incidencias da rendición da conta xeral de 2013 polo feito de que a derradeira mensuralidade do exercicio do reintegro do exceso na participación nos tributos do Estado rexistrouse na contabilidade pero non se contemplou na memoria da conta rendida.

No estado da débeda a Memoria reflicte os seguintes créditos bancarios:

**Cadro 21: Estado do endebedamento**

Identificador débeda	Pendente a 1 de xaneiro	Creacións	Amortizacións e outras diminucións	Total pendente a 31 de decembro
Investimentos 2000 Caja España	118.874,95	0	67.837,94	51.037,01
Investimentos 2001 Caixa Galicia	264.445,40	0	48.080,96	216.364,44
Investimentos 2002 Banco de Crédito Local	249.648,02	0	21.246,64	228.401,38
Edificio Praza de abastos - Concello 2003	33.948,54	0	33.948,54	0
Investimentos 2004 Caixa Galicia 2004	189.658,44	0	21.675,24	167.983,20
Investimentos 2005 Banco de Crédito Local	203.798,83	0	21.452,52	182.346,31
Investimentos 2006 Caja Madrid	181.087,22	0	16.845,36	164.241,86
Investimentos 2008 Caja Madrid	198.000,00	0	18.000,00	180.000,00
Investimentos 2009 Caja Madrid	219.842,66	0	18.320,24	201.522,42
Piscina 2009 Caixa Galicia	177.242,24	0	14.468,76	162.773,48
Liquidación negativa 2008	170.578,10	0	55.322,64	115.255,46
Liquidación negativa 2009	277.589,32	0	67.981,08	209.608,24
<b>Total</b>	<b>2.284.713,72</b>	<b>0</b>	<b>405.179,92</b>	<b>1.879.533,80</b>

Os traballos de fiscalización realizados poñen de manifesto os seguintes feitos:

- As débedas bancarias corresponden a préstamos destinados aos plans de investimentos dos

exercicios 2000 a 2009. Desde este último non se concertaron máis operacións, incluído o exercicio obxecto de fiscalización. Polo dito, o volume de endebedamento da entidade foi decrecendo desde o máximo acadado a finais do 2009 que ascendía a 3.208,05 miles de euros.

- A débeda é un 17,28% inferior á do ano anterior e representa o 19,26% dos orzamentos do exercicio 2013.
- As amortizacións do exercicio acadaron os 405,18 miles de euros, dos que 123,30 miles de euros corresponden á devolución do PIE dos anos 2008 e 2009 que se tratan orzamentariamente como devolucions de ingresos. O importe restante 281,88 miles de euros corresponde ás débedas por préstamos bancarios.
- Destes datos resulta un endebedamento por habitante de 135,23 euros, inferior á media dos concellos de poboación similar de Galicia que ascende a 292,85 euros.
- Non se concertaron novas operacións de endebedamento durante o exercicio.
- Solicitouse ao concello a xustificación documental das amortizacións efectuadas no exercicio así como dos gastos financeiros para cotexalos coas anotacións que se recollen na contabilidade orzamentaria de gastos, nos conceptos 913 Amortización de préstamos a longo prazo de entes de fóra do sector público e 310 Xuros. Esta comprobación non se puido realizar na súa totalidade xa que non se achegaron xustificantes por importe de 40,90 miles de euros no concepto 913 e 1,43 miles de euros no concepto 310.
- No apartado da Memoria correspondente ao endebedamento non hai constancia de operacións con avais ni tampouco de operacións en moedas distintas do euro, operacións de intercambio financeiro ou xuros implícitos.

#### **IV.4 ESTABILIDADE ORZAMENTARIA**

A medición do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria realízase de acordo coas normas do SEC, o que esixe a delimitación das distintas unidades institucionais públicas, a súa adscrición aos distintos sectores institucionais e a práctica dos axustes entre o saldo orzamentario non financeiro e o déficit ou superávit de Contabilidade nacional, axustes que se realizan de xeito consensuado polo INE, Banco de España e IGAE e que son basicamente axustes polas diferenzas na clasificación das operacións ou importes rexistrados e axustes polas diverxencias temporais de contabilización.

A LOEOSF configura o seu cumprimento en tres obxectivos a lograr: a estabilidade orzamentaria, a débeda pública e a regra do gasto. Asemade, a Orde Ministerial EHA 2015/12 tamén obriga á

intervención municipal a emitir informes sobre o cumprimento destes obxectivos en varios momentos do ciclo orzamentario (aprobación, execución e liquidación).

A entidade só remitiu un informe da Intervención xeral do concello referido á avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra do gasto e límite da débeda con motivo da aprobación do orzamento xeral para o ano 2013, emitido pola Intervención Municipal con data do 29 de xuño do 2013. O informe que acompaña á liquidación do orzamento foi remitido con ocasión da fiscalización sobre estabilidade orzamentaria dos concellos de Galicia no exercicio 2013.

#### **IV.4.1. CAPACIDADE OU NECESIDADE DE FINANCIAMENTO**

Este obxectivo persigue que a diferenza entre os ingresos non financeiros do exercicio, en termos de dereitos recoñecidos netos, e os empregos ou gastos non financeiros (obrigas recoñecidas netas) sexa cero ou positiva.

De acordo co informe da Intervención do 26 de marzo de 2014 que acompaña á liquidación, a entidade tería unha capacidade de financiamento de 316,05 miles de euros, determinada pola diferenza entre dereitos e obrigas recoñecidas dos capítulos 1-7, sen embargo comprobouse que existe un erro neste cálculo xa que se tiveron en conta todos os capítulos cando só se debería referir aos capítulos 1 ao 7, co que a capacidade de financiamento sería en realidade superior, ascendendo a 593,200 miles de euros.

Sobre esta cifra aplícanse os seguintes axustes (axustes SEC-95), contemplados no manual elaborado ao respecto pola IGAE para as entidades locais:

- Ingresos: Diferenza entre recadación efectiva do exercicio e dereitos recoñecidos netos (capítulos 1-3): axuste negativo de 182,48 miles de euros, por ser os dereitos efectivamente recadados inferiores nesa contía aos previstos .
- Liquidación definitiva da PIE dos anos 2008 e 2009: realízase un axuste positivo de 123,30 miles de euros, cantidade compensada no exercicio 2013, xa que orzamentariamente figura como devolución de ingresos do exercicio.
- Axustes dos xuros devindicados e non vencidos: axuste positivo por importe de 8,34 miles de euros.
- Polo tanto, a capacidade de financiamento axustada, calculada de acordo cos datos da liquidación, ascende a 593,20 miles de euros.

- Comprobase que efectivamente as contías anteriores son as que figuran na liquidación do orzamento do exercicio, así como que non procede realizar ningún outro axuste dos contemplados no manual do SEC-95 da IGAE.

No cadro seguinte recollese as cifras anteriores e os axustes practicados.

**Cadro 22: Capacidade de financiamento**

Concepto	S/fiscalización
Ingresos capítulos 1-7 (DRN)	8.751.652,60
Gastos capítulos 1-7 (ORN)	8.107.614,33
<b>Capacidade de financiamento inicial</b>	<b>644.038,27</b>
<b>Axustes</b>	
Diferenza entre recadación efectiva e DRN capítulos 1-3 ingresos	-182.484,70
Axuste dos xuros percibidos ao criterio de devindicación	8.343,56
Axuste por devolución PIE 2008 y 2009	123.303,72
<b>Total axustes</b>	<b>-50.837,42</b>
<b>Capacidade de financiamento axustada</b>	<b>593.200,85</b>

Aínda que o Interventor non fai referencia a elo no seu informe, debería terse en conta o importe dos recoñecementos extraxudiciais de créditos do exercicio 2013 pola cantidade de 54,43 miles de euros. Isto suporía un axuste positivo por esa cantidade ao non ser gastos do exercicio corrente senón de exercicios anteriores. Se ben este axuste non figura no manual da IGAE, a listaxe de axustes que alí se recollen non é pechada e a xustificación do axuste é coherente.

#### IV.4.2. REGRA DE GASTO

Segundo establece a LOEOSF, este obxectivo procura que a variación do gasto computable da entidade non supere unha taxa de referencia de crecemento do PIB fixada anteriormente polo Goberno, a cal quedou establecida para 2013 no 1,7%.

O gasto computable resulta de efectuar sobre a suma das obrigas recoñecidas dos capítulos 1-7 do orzamento de gastos, excluídos os xuros da débeda, os axustes do SEC-95; a esta cifra restaráselle o gasto financiado con fondos finalistas de calquera administración pública.

Segundo o informe da Intervención, o gasto computable para o 2012 ascende a 7.092,95 miles de euros, mentres que o de 2013 resultou de 7.163,58 miles de euros, polo que o incremento do gasto resultou do 1 %, cumpríndose así o obxectivo establecido.

Débase sinalar que o informe da Intervención Municipal non detalla os axustes que se levaron a cabo para chegar ás ditas contías de gastos computables, limitándose a consignar sen máis esas dúas cantidades, polo que coa información de que dispoñemos non foi posible comprobar a súa corrección.



#### **IV.4.3. ENDEBEDAMENTO**

A LO 2/2012 fixa límites conxuntos para este obxectivo, por tipos de administración, quedando establecido no 3 % do PIB para a Administración Local. En ausencia de especificación para cada entidade en concreto, débese aplicar o límite do artigo 53 do TRLRFL que establece que a débeda da entidade non poderá superar o 110 % dos ingresos correntes liquidados debidamente axustados. No informe do 26 de marzo conségnase unha contía da débeda a 31 de decembro de 2013 de 1.492,67 euros e uns ingresos correntes liquidados no exercicio de 8.160,43 euros, o cal supón unha porcentaxe de endebedamento sobre os mesmos do 18,28%, polo que se constata o cumprimento do obxectivo.

#### **IV.5. PLAN DE PAGO A PROVEDORES**

A forte caída da actividade económica e a correlativa baixada da recadación de recursos ocasionou retrasos acumulados no pago das obrigas contraídas polas entidades públicas cos seus provedores, coa conseguinte incidencia negativa na liquidez das empresas. Coa finalidade de eliminar a morosidade das Administracións públicas puxéronse en marcha unha serie de medidas urxentes dende o exercicio 2009, entre as que destacan as incluídas no RDL 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para o establecemento dun mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais, que se complementou coa creación dun Fondo para o financiamento dos pagos a provedores, mediante RDL 7/2012, do 9 de marzo.

Con este mecanismo financiáronse as obrigas pendentes de pago das entidades locais a 31 de decembro de 2011, definidas no ámbito de aplicación do RDL 4/2012, é dicir:

- Que fosen facturas ou solicitudes de pago por obrigas vencidas, liquidadas e esixibles pendentes de pago, que entrasen nos rexistros da entidade local antes do 1 de xaneiro de 2012.
- Que fosen obrigas derivadas dunha prestación de obra, servizo ou subministración incluídas no ámbito de aplicación da lei de contratos do sector público.

Posteriormente, o RDL 7/2012 que regula o Fondo que financiou este mecanismo, ampliou este ámbito obxectivo ás obrigas contraídas na execución de contratos de xestión de servizos públicos na modalidade de concesión.

#### **IV.5.1.PROCEDEMENTO**

O procedemento establecido polo RDL 4/2012, do 24 de febreiro, para o abono das obrigas liquidas, vencidas e esixibles incluídas no seu ámbito de aplicación constituíu no seguinte:

- As entidades locais debían remitir por medios electrónicos ao MINHAP unha relación certificada polo interventor local de todas as facturas incluídas no ámbito de aplicación do RDL 4/2012, do 24 de febreiro.
- Posteriormente as entidades locais debían enviar un Plan de axuste, aprobado polo Pleno da entidade, cuxa duración debería estenderse ao período de tempo necesario para reembolsar o importe das obrigas financiadas polo Fondo que se constituíu polo RDL 7/2012. Na práctica o Fondo concertou unha operación de crédito e asumiu a titularidade dos créditos concedidos ás entidades locais, realizando o abono das facturas o ICO. O reembolso desas cantidades efectuase polas entidades locais, ben mediante amortización da operación de crédito, ben mediante retención por parte do MINHAP dos pagos por PIE.

#### **IV.5.2. IMPORTE FINANCIADO**

Aínda que de acordo cos datos do Ministerio de Economía e Facenda o Concello do Barco de Valdeorras acudiu ao mecanismo para o financiamento do pago a provedores ao ter obrigas pendentes de pago incluídas no ámbito de aplicación do RDL 4/2012, non se puido realizar ningunha análise sobre o mesmo ao non ter enviado o concello a información e documentación solicitada.

#### **IV.5.3. PLAN DE AXUSTE**

Non se puido realizar ningunha análise sobre o plan de axuste ao non ter enviado o concello a información e documentación solicitada.

### **IV.6 ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN**

A Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, establece principios e prerrogativas relativos á seguridade en relación co dereito dos cidadáns a comunicarse coas administracións públicas a través de medios electrónicos; o seu artigo 42 crea o Esquema Nacional de Seguridade (ENS), desenvolvido polo Real Decreto 3/2010, que determina a política de seguridade a aplicar na utilización dos medios electrónicos para asegurar o acceso, integridade, dispoñibilidade, autenticidade, confidencialidade, trazabilidade e conservación dos datos, informacións e servizos electrónicos que se empreguen no exercicio das súas competencias. Na disposición transitoria do mencionado RD 3/2010, artículase un

mecanismo escalonado para a adecuación ao previsto no ENS, de xeito que os sistemas das administracións deberán estar adaptados ao mesmo con data límite do 30/01/2014.

Non se puido realizar ningunha análise sobre esta área ao non ter enviado o concello a información e documentación solicitada.

## IV.7 FISCALIZACIÓN DA CONTRATACIÓN

A fiscalización tivo por obxectivo verificar que os actos, operacións e procedementos de xestión levados a cabo polo Concello do Barco de Valdeorras no exercicio 2013 se desenvolveron de conformidade coas normas aplicables en materia de contratación.

Segundo a información subministrada polo Concello do Barco de Valdeorras o número total de contratos tramitados, adxudicados ou formalizados no exercicio fiscalizado foi de 10:

- Contratos de obras: 4
- Contratos de servizos: 5
- Contratos de subministracións: 1

A desagregación por tipo de contrato é a seguinte:

**Cadro 23: Contratos adxudicados ou formalizados no exercicio**

Tipo de contrato	Aberto		Emerxencia		Negociado sen publicidade		Total anual	
	Nº	Adxudicación Importe anual con IVE	Nº	Adxudicación Importe anual con IVE	Nº	Adxudicación Importe anual con IVE	Nº	Adxudicación Importe anual con IVE
Obras	0	0,00	1	83.252,45	3	279.528,54	4	362.780,99
Servizos	3	690.211,74	0	0,00	2	11.495,00	5	701.706,74
Subministracións	0	0,00	0	0,00	1	29.524,00	1	29.524,00
<b>Total</b>	<b>3</b>	<b>690.211,74</b>	<b>1</b>	<b>83.252,45</b>	<b>6</b>	<b>320.547,54</b>	<b>10</b>	<b>1.094.011,73</b>

O procedemento de contratación máis empregado foi o negociado sen publicidade con 6 expedientes de contratación, seguido do procedemento aberto con criterios múltiples que se utilizou en 3 licitacións. En todos estes procedementos seguiu a tramitación ordinaria e ademais un expediente de obras tramitouse con carácter de emerxencia. No anexo I deste informe figura a relación dos contratos tramitados, adxudicados ou formalizados no exercicio.

### IV.7.1. CONTROL INTERNO

Non se puido realizar ningunha análise sobre o funcionamento no exercicio fiscalizado do departamento de contratación e da súa estrutura ao non ter enviado o concello a información e documentación solicitada.

#### IV.7.2 CONTRATOS FISCALIZADOS

A finalidade da análise é verificar o cumprimento da normativa aplicable aos procedementos de contratación e, fundamentalmente, o seu axuste aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos.

Non se realizou ningún tipo de control sobre o cumprimento da normativa que puidese ser de aplicación en función do financiamento alleo.

A selección da mostra de contratos fíxose empregando os seguintes criterios obxectivos e representativos:

- O tipo de contrato, de acordo cos regulados polo TRLCSP, procurando obter unha mostra proporcional entre os contratos de obras, servizos, subministracións, concesións de obras públicas, xestión de servizos públicos e colaboración público-privada, celebrados polo Concello.
- As características de cada contrato con transcendencia económica, fundamentalmente o prezo.
- A forma de tramitación das licitacións, prestando especial atención a aquelas que supoñen unha limitación aos principios da contratación, como é o caso dos procedementos negociados.

A revisión dos contratos non menores (referencias 1 a 4) abarcou inicialmente unha mostra de 2 contratos de obras, 1 contrato de servizos e 1 contrato de subministracións que foron adjudicados por un importe con IVE de 767.772,06 euros, que representan o 40% dos expedientes de contratación tramitados, adjudicados ou formalizados no exercicio e o 76% do importe adjudicado. Con posterioridade ampliouse á mostra incluíndo a un contrato tramitado por emerxencia.

No caso dos contratos menores só se comunicou a existencia dun contrato, de 47.600 euros de importe, que tamén foi obxecto de fiscalización.

Os contratos examinados foron os seguintes:

Cadro 24: Contratos fiscalizados

Ref.	Obxecto do Contrato	Procedemento de adxudicación	Orzamento licitación (con IVE)	Prezo de adxudicación (con IVE)	Data adxudicación definitiva	Data formalización	Prazo execución (meses)	Contratistas
1	Urbanización da Rúa San Roque	Negociado sen publicidade	79.600,00	72.436,00	18/12/2013	03/01/2014	4 meses	Aglomerados y Construcciones Valdeorras S.L. A32008039
2	Acondicionamento das piscinas municipais	Negociado sen publicidade	157.000,00	141.300,00	14/01/2014	25/02/2014	3 meses	Aglomerados y Construcciones Valdeorras S.L. A32008039
3	Servizos de limpeza de diversas sedes municipais do Concello do Barco de Valdeorras.	Aberto criterios múltiples	548.057,49	524.512,06	30/07/2013	30/09/2013	24 meses iniciais	CLECE S.A.. A80.364.243.
4	Subministro dun vehículo para a policía local	Negociado sen publicidade	30.311,65	29.524,00	25/10/2013	28/10/2013	1 día	Landauto Motor S.L.U.
5	Urbanización da Rúa Santa Rita (tramo sur)	Contrato menor	47.600,00	47.600,00	28/12/2012	30/01/2013		Aproveitamentos de Recursos Naturais de Galicia S.L. NIIF B-32333630
6	Muro escollera urbanización la cerámica *	Emerxencia	0,00	83.252,45	01/04/2013			Aglomerados y Construcciones Valdeorras S.L. A32008039
	<b>Total</b>		<b>862.569,14</b>	<b>898.624,51</b>				

\*Referencia 6: Importe certificado sen IVE.

No expediente número 6 o adxudicatario foi a empresa Aglomerados y Construcciones Valdeorras S.L. e non Afreijo S.L. como figura nos datos remitidos a través da plataforma de rendición.

#### IV.7.3 RESULTADOS DA ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

Fíxose unha revisión da documentación remitida polo concello relativa aos actos de preparación, tramitación, adxudicación e execución de cada un dos contratos incluídos na mostra.

Das comprobacións efectuadas sobre a mostra de expedientes de contratación, resultaron as seguintes deficiencias e consideracións:

##### a) Preparación e tramitación dos contratos

O tempo medio de tramitación dos expedientes de contratación foi de 180 días tal como se expón no seguinte cadro:

**Cadro 25: Tempo medio de tramitación dos expedientes de contratación**

Ref.	Obxecto do Contrato	Procedemento adxudicación	Tramitación	Inicio/ Ppta. Concelleiro	Acordo Alcaldía/XGL	Data adxudicación definitiva	Data formalización	Prazo execución (meses)	Nº días dende Ppta. ata formalización
1	Urbanización da Rúa San Roque	Negociado sen publicidade	Ordinaria	03/09/2013	15/10/2013	18/12/2013	03/01/2014	4	122
2	Acondicionamento das piscinas municipais	Negociado sen publicidade	Ordinaria	11/11/2013	11/11/2013	14/02/2014	25/02/2014	3	106
3	Servizos de limpeza de diversas sedes municipais do Concello do Barco de Valdeorras.	Aberto criterios múltiples	Ordinaria	12/03/2012	25/04/2013	30/07/2013	30/08/2013	48	536
4	Subministro dun vehículo para a policía local	Negociado sen publicidade	Ordinaria	03/09/2013	12/09/2013	25/10/2013	25/10/2013	1 día	52
5	Urbanización da Rúa Santa Rita (tramo sur)	Contrato menor	Ordinaria	08/11/2012	08/11/2012	28/12/2012	30/01/2013	3	83
<b>Tempo medio de tramitación</b>									180

Tendo en conta tanto o tempo de tramitación dos procedementos negociados, como que non se levou a cabo unha auténtica negociación e que foron varios os criterios de valoración das ofertas, parece moito máis apropiado tramitar as licitacións polo procedemento aberto. Lémbrese que para este procedemento o artigo 161 do TRLCSP establece un prazo máximo de 2 meses para efectuar a adxudicación dende a apertura das proposicións no caso de existir criterios múltiples de adxudicación, reducíndose a 15 días se o criterio único é o prezo.

- No **expediente número 3** existe unha demora de máis dun ano desde o inicio do expediente ata a súa aprobación e máis de 18 meses ata a formalización do contrato, polo que aparentemente estiveronse prestando durante ese tempo os servizos unha vez finalizada a vixencia dos contratos.
- No exercicio 2013 a Intervención do concello reparou con carácter suspensivo polo mesmo motivo, entre outras, as facturas emitidas por Unión Fenosa Comercial S.L. e Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. ao superar os seus importes anuais o máximo previsto para os contratos menores sen que exista un procedemento de contratación, reiterándose esta circunstancia en varios exercicios.
- En todos os expedientes nos que se seguiu o procedemento negociado sen publicidade incúmprese coa obriga que establece o artigo 109.4 do TRLCSP de que no expediente se xustifique adecuadamente a elección do procedemento, sendo o orzamento do contrato o único factor determinante para a elección do procedemento.

O procedemento negociado é un procedemento extraordinario ao que só se pode acudir nos supostos regulados no TRLCSP e sempre xustificando esta decisión, xa que non hai liberdade

para elixir este procedemento fronte aos ordinarios nos que existe unha total aplicación dos principios xerais de contratación, non bastando ampararse na contía do contrato.

- Só no caso do expediente 4 se indica nos pregos de cláusulas administrativas particulares que aspectos técnicos e económicos son negociables (artigo 176 TRLCSP) e, polo tanto, nos expedientes 1 e 2 non se coñecen as razóns para elixir o procedemento negociado en lugar do procedemento aberto, que é o ordinario de acordo co TRLCSP.
- Nos **expedientes números 1, 2 e 5** constan informes desfavorables sobre os PCAP da Secretaría e da Intervención, en esta caso sen carácter suspensivo, nos que non se considera pertinente a imposición ao contratista da obriga de facer fronte aos pagos de honorarios de redacción de proxecto e de dirección de obra, ao non tratarse de gastos comprendidos no contrato de obras se non propios doutros contratos como os de servizos.
- No expediente **número 6** tramitado por emerxencia as actuacións semellan separarse en dúas fases, unha primeira intervención inmediata xustificada pola situación de risco e na que se procede a realizar as actuacións imprescindibles para poñerlle remedio, e unha segunda fase de actuacións, máis alongadas no tempo, nas que se encarga un proxecto de obras e se procede á reposición da situación anterior de normalidade. Estas segundas actuacións complementarias estarían incluídas dentro das previstas no artigo 113.2 do TRLCSP, non tendo ese carácter de emerxencia, debendo contratarse polos procedementos ordinarios regulados polo TRLCSP.

#### **b) Criterios e actos de adxudicación**

- No **expediente 4** a fórmula empregada para a valoración das ofertas económicas establece un límite do 2,5% para as baixas do orzamento de licitación a partir do cal outórgase a máxima puntuación a todas as ofertas que o igualem ou superen. A consecuencia é que ningunha empresa vai ofertar por debaixo dese tope porque non obtería unha maior puntuación; ademais ao do prezo só se lle outorgan 4 dos 40 puntos que suman os criterios de adxudicación. A rebaixa da importancia relativa deste criterio non favorece o cumprimento dos principios de economía na xestión de fondos públicos nin a adecuación ao prezo xeral de mercado. Para evitar proposicións anormalmente baixas os propios pregos de cláusulas administrativas particulares deben regular as garantías precisas para que isto non se produza. Antes de excluír automaticamente ás ofertas anormalmente baixas débese solicitar ao licitador as precisións que se consideren oportunas sobre a composición da oferta e verificar esta composición en función das xustificacións e explicacións presentadas.

- Nos **expedientes números 1, 2 e 4** non consta que se negociase cos licitadores as ofertas para adaptalas aos aspectos técnicos e económicos negociables, aspectos que só no expediente 4 foron indicados no prego de cláusulas administrativas particulares. A indicación destes aspectos negociables permitiría identificar a oferta economicamente máis vantaxosa. Se o concello estima que a negociación non é un mecanismo adecuado que de garantías da correcta execución dos contratos deberase acudir aos procedementos ordinarios.

### c) Execución dos contratos

- No **expediente número 5** o contrato asínase o 30 de xaneiro de 2013 cun prazo de execución de 3 meses, a acta de comprobación de replanteo ten data do 15 de abril de 2013 superando sen que conste xustificación o prazo dun mes desde a data do contrato establecido polo artigo 229 do TRLCSP, na mesma fíxase o remate para o 16 de xullo de 2013. Esta circunstancia foi posta de manifesto no informe xurídico da Secretaría do 9 de outubro no que se informa desfavorablemente a solicitude de prórroga do contrato. Esta solicitude faise o 17 de setembro de 2013, data posterior á que xa terían que ter rematadas as obras, sendo atendida polo Alcalde que concedeu unha ampliación de 2 meses. Prodúcese polo tanto un incumprimento inxustificado do prazo do contrato, o cal rematou o 4 de novembro de 2013.

## IV.8 GASTOS DE PERSOAL

Os gastos de persoal do concello do Barco de Valdeorras ascenden a 3.748,04 miles de euros e representan o 44,65% sobre o total das obrigas recoñecidas da liquidación do orzamento de gastos. Distribuindo os gastos de persoal por tipo os máis significativos son os correspondentes ao persoal laboral, que representan o 47,75% do total destes gastos, fronte ao 24,32% que representan as retribucións do persoal funcionario. No seguinte cadro amósase a evolución do gasto con relación ao ano anterior e a execución no exercicio fiscalizado.

**Cadro 26: Liquidación gastos de persoal por artigo.**

Artigo	Obrigas exercicio 2012	Créditos definitivos	Obrigas Exercicio 2013	Pagos 2013	Remanentes de crédito	% Variación obrigas	% OR sobre total
10 Órganos de goberno e persoal directivo.	57.721,36	60.501,76	60.501,84	60.501,84	-0,08	4,82	1,61
11 Persoal eventual.	27.826,24	28.979,04	29.431,50	29.431,50	-452,46	5,77	0,79
12 Persoal Funcionario.	870.025,42	924.773,14	911.475,13	911.475,13	13.298,01	4,76	24,32
13 Persoal Laboral.	1.430.937,86	1.856.447,57	1.789.631,78	1.766.023,45	66.815,79	25,07	47,75
15 Incentivos ao rendemento.	94.843,01	110.698,13	92.126,84	92.126,84	18.571,29	-2,86	2,46
16 Cotas, prestacións e gastos sociais a cargo del empregador.	797.789,91	968.490,92	864.873,52	796.702,64	103.617,40	8,41	23,08
<b>Total</b>	<b>3.279.143,80</b>	<b>3.949.890,56</b>	<b>3.748.040,61</b>	<b>3.656.261,40</b>	<b>201.849,95</b>	<b>14,30</b>	<b>100,00</b>



Comprobouse a coincidencia entre o importe dos créditos iniciais que figuran na liquidación do orzamento e os que figuran no expediente de aprobación do mesmo, así como a coincidencia entre as obrigas recoñecidas e o importe total bruto das nóminas.

Ao comparar os gastos de persoal do exercicio 2013 respecto do ano anterior hai que ter en conta que unha parte do incremento relativo aos artigos 12 e 13 ven motivada pola supresión da paga extra que se produciu no ano 2012. Por outra banda, na análise detallada destes cambios atopamos un significativo aumento nos gastos de persoal laboral sobre o que o concello non aportou a información solicitada.

#### **IV.8.1. PLANIFICACIÓN DE RECURSOS HUMANOS**

A planificación de recursos humanos nas Administracións públicas, de conformidade co disposto no artigo 69 do EBEP, persigue contribuír á eficacia na prestación de servizos e á eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles.

Para a consecución destes fins, baseándose na potestade de autoorganización prevista no artigo 4.1.b) da LRBRL, as entidades locais de carácter territorial poden utilizar diversos procedementos e instrumentos de ordenación do seu persoal. Con respecto a esta materia conséntase que no Concello do Barco de Valdeorras non se dispón dun plan de recursos humanos.

A entidade indica que non existe un departamento de persoal independente dos departamentos de intervención, tesourería e contabilidade, de forma que non existe ningún persoal encargado específica e exclusivamente da xestión integral do persoal e das nóminas.

#### **Manuais de procedemento ou instrucións internas**

A existencia de instrucións específicas sobre procedementos en materia de persoal constitúe unha regulación útil para concretar aspectos relativos a funcións dos traballadores, tramitación de nóminas, solicitude de permisos e licenzas, anticipos, axudas de custo, instrucións reguladas para asistir a cursos, xornadas ou seminarios, etc.

Porén, o concello non dispón de regulación específica e propia documentada sobre procedementos estandarizados en materia de persoal.

#### **Organigrama**

O organigrama é un instrumento oportuno para representar a distribución orgánica e funcional dunha entidade. Esta representación gráfica permite observar de xeito inmediato a dimensión e estrutura por áreas, servizos, seccións, etc., nas que se divide a institución.

O concello conta cun organigrama aprobado no ano 2009 que non está actualizado.

### **Plan de formación do persoal**

A entidade indica que non ten un plan de formación do persoal.

### **Rexistro de persoal**

O artigo 71 do EBEP, en concordancia co establecido no artigo 90.3 da LRBRL, esixe aos entes locais que constitúan Rexistros de persoal. Sen embargo, a pesar desta obriga legal e a que os datos inscritos en tal rexistro determinarán as nóminas a efectos da debida xustificación de todas as retribucións, a información proporcionada indica que o concello non implantou dito rexistro.

### **Sistema de avaliación do desempeño**

O concello no ten implantado un sistema de avaliación do desempeño baseado en criterios obxectivos para a asignación do complemento de produtividade e gratificacións en ningún dos seus departamentos.

### **Acordo regulador e convenio colectivo.**

Existe un convenio colectivo para o persoal laboral e un acordo regulador do persoal funcionario. Estes instrumentos datan do ano 2005 e foron aprobados co informe de desconformidade da Intervención municipal. Na actualidade continúan vixentes sen adaptarse ás modificacións normativas que houbo dende a súa entrada en vigor.

## **IV.8.2 ANÁLISE DO CADRO DE PERSOAL E DA RPT**

A entidade non ten aprobada unha relación de postos de traballo. Xúntase ao orzamento un cadro de persoal e unha cuantificación nominativa dos gastos no capítulo I. Neste cadro de persoal constan: 35 prazas de funcionarios, 30 ocupadas (unha delas por un funcionario interino) e 5 vacantes; 54 prazas de persoal laboral fixo e 23 de persoal temporal. Existe ademais un posto de persoal eventual.

Cabe destacar que no informe da Intervención ao proxecto de orzamento consta que no cadro de persoal figuran como prazas ocupadas por persoal laboral fixo, prazas que están ocupadas por persoal laboral indefinido. Nas comprobacións realizadas verificouse que a 31 de decembro do ano fiscalizado existen 20 laborais indefinidos, dos que 6 adquiriron esa condición por sentenza xudicial no ano 2013. En anos posteriores 7 dos traballadores que eran temporais en 2013 pasaron do mesmo xeito a converterse en persoal laboral indefinido.

### **IV.8.3. CONTRATACIÓN E SELECCIÓN DE PERSOAL**

En decembro de 2013 aprobouse a oferta de emprego público do exercicio, que comprende dúas prazas de policía local. O resto das prazas que se ofertaron durante o ano corresponden a postos de carácter temporal. A Intervención municipal emitiu varios informes de reparos respecto dos procesos de selección e contratación deste persoal, nos que destacan os seguintes motivos:

- Utilízanse contratos temporais para cubrir postos de traballo que teñen carácter estrutural o que ven demostrado pola recorrencia nas contratacións ano tras ano. Polo tanto terían que estar contemplados no cadro de persoal (e na RPT cando se aprobe).
- A maioría dos postos de traballo cubertos con estas contratacións non están previstos no convenio colectivo polo que a súa retribución non está predeterminada.
- As bases de selección conteñen criterios de valoración que poden vulnerar o principio de igualdade: tales como os servizos prestados para o propio concello ou o empadramento nun territorio concreto.
- O feito de que algúns dos contratos poidan prorrogarse por períodos de 12 meses finalizado o período inicial vulnera o principio de concorrencia, limitando as sucesivas contratacións ao persoal seleccionado neste proceso e pode dar lugar a que estes traballadores incorran na presunción de persoal indefinido non fixo.
- O prazo para a presentación de solicitudes é escaso en moitos casos (así para o posto de avogado hai 3 días hábiles ou para o posto de psicólogo hai 5 días naturais) coa conseguinte limitación do principio de concorrencia.
- Para participar en moitos dos procesos, as bases contemplan a imposición da obriga de remitir aviso por fax ao concello no caso de presentación de solicitudes a través doutras oficinas administrativas.
- Nas contratacións de persoal non consta o informe ao que fai referencia o artigo 172 do ROF (informe proposta de resolución do responsable do departamento que tramita o expediente).

### **IV.8.4. RETRIBUCIÓN**

A partir do listado anual da nómina, tratase de verificar se as retribucións de cargos electos, persoal eventual, funcionarios e laborais se axustan ás contías que corresponden e aos conceptos retributivos legalmente establecidos, constatándose que, en xeral, cúmprese coa lexislación vixente, coas seguintes particularidades:

- Os funcionarios perciben un complemento de produtividade nas nóminas de xuño e decembro, que corresponde a unha mensualidade de retribucións básicas, complemento de

destino e complemento específico. Este concepto retributivo non atende a circunstancias obxectivas para a súa determinación, ten unha contía fixa e cóbrase de forma periódica polo que non se corresponde co concepto de complemento de produtividade recollido no artigo 5 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local nin se teñen en conta os factores que para o seu establecemento recolle o artigo 24 do EBEP.

- Polo persoal da policía local percíbense remuneracións por horas extras e gratificacións por nocturnidade, festividade, perigo, penosidade e quendas (artigos 26 a 28 do convenio colectivo). Estas circunstancias forman parte das características ou requisitos asociadas ao posto de traballo polo que deben ser valorados cando se determina o complemento específico que lle corresponde ao mesmo. Polo tanto estas retribucións non se axustan á normativa vixente.
- A regulación polo concello dos anticipos de remuneracións ao persoal contidas nos artigos 34 do acordo regulador e 35 do convenio colectivo non se axusta á lexislación sobre a materia contida no RDL 2608 de 16 de decembro de 1929 sobre anticipos.
- O persoal en baixa por incapacidade temporal percibe con carácter xeral as súas retribucións integras ao asumir o concello o abono da diferenza entre estas e a prestación asistencial da seguridade social, incumprindo o establecido no artigo 9 do Real Decreto-Lei 20/2012, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, que establece os límites ao complemento da citada prestación.

## **V. CONCLUSIONES**

1. O desenvolvemento dos traballos de fiscalización atopouse con diferentes atrancos, tanto referidos a limitacións pola non remisión de documentación, sinaladas no punto I.2 deste informe, como ao retraso no envío da remitida.
2. Concorren circunstancias que poden repercutir negativamente na eficacia da prestación dos servizos municipais, como son, en materia de persoal, as carencias de efectivos e a falta de organización dos existentes ou non contar con manuais de procedementos en materia de control e fiscalización interna.
3. A Intervención non sempre ten acceso á documentación sometida a fiscalización previa cun prazo que se considere suficiente (10 días).
4. Non se prevé unha fiscalización plena posterior, segundo establece o artigo 219.3 do TRLRFL, para os casos nos que na fiscalización previa só se comprobaren os extremos previstos no artigo 219.2 do TRLRFL.

5. Non existen normas escritas sobre o arquivo de documentos, a súa accesibilidade e a súa protección segura
6. Non existe algún procedemento ou sistema específico de control que permita localizar operacións non rexistradas
7. Durante o exercicio 2013 aprobáronse un total de 2 expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos, nos que se dan casos de prestacións que poderían incorrer en supostos de nulidade de pleno dereito. As obrigas recoñecidas e pagos realizados por este procedemento, que as normas relativas ás facendas locais configuran como excepcional, acadaron a cantidade de 54,43 miles de euros, o que supón que o 0,65% das obrigacións recoñecidas no exercicio se instruíron deste xeito. Na conta xeral rendida figura o importe de 55,43 miles de euros. Este importe non foi rexistrado no conta 413 Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento.
8. O concello non dota ningunha provisión para riscos e gastos aínda que consta a existencia de litixios en curso dos que se podería derivar algún tipo de responsabilidades probables ou certas.
9. Da comprobación efectuada do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, resulta que a entidade presenta unha liquidación orzamentaria que reflicte capacidade de financiamento en termos consolidados, cumprindo igualmente coa regra do gasto e co límite de endebedamento.
10. O Concello do Barco de Valdeorras acudiu ao mecanismo para o financiamento do pago a provedores ao ter obrigas pendentes de pago incluídas no ámbito de aplicación do Real Decreto-lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan obrigacións de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais. Non se puido realizar ningunha análise sobre este punto nin sobre o plan de axuste ao non remitir o concello a información solicitada.
11. De acordo cos informes de reparos da Intervención en materia de contratación existen caso de prestacións continuadas superiores a un ano ou que superan a contía do contrato menor ou con ausencia total de procedemento contractual
12. En relación cos actos de preparación e tramitación dos contratos poden formularse as seguintes conclusións:
  - No caso dos expedientes tramitados polo procedemento negociado só se argumenta como criterio de elección do mesmo que a súa contía se atopa dentro dos límites establecidos polo

Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público para este tipo de procedemento, non xustificando suficientemente a conveniencia da negociación como un mellor criterio fronte aos procedementos ordinarios.

- Nos expedientes 1 e 2 non se indica nos pregos de cláusulas administrativas particulares ou en outros documentos complementarios dos procedementos negociados que aspectos técnicos e económicos son negociables.
- No expediente 3 puideron existir prestacións sen contrato en vigor polas demoras no procedemento.
- No expediente 6, tramitado con carácter de emerxencia, puideran existir actuacións complementarias nas que se deberían seguir os procedementos ordinarios de contratación ao xa non darse os requisitos da emerxencia.

13. En relación cos criterios e actos de adxudicación dos contratos, fórmulanse as seguintes conclusións:

- No expediente 4 estableceuse un umbral máximo para a valoración das baixas, restando relevancia ao criterio do prezo en favor doutros criterios o que non resulta coherente cos principios de adecuación ao prezo de mercado e de economía na xestión de fondos públicos.
- Nos expedientes 1, 2 e 4, tramitados mediante o procedemento negociado sen publicidade, non se acreditou que se levara a cabo negociación coas empresas, o que desvirtúa a natureza deste procedemento.

14. En relación coa execución dos contratos conclúese que:

- O contrato menor de obras 5 sufriu demoras inxustificadas no prazo de execución.

15. Non existe un departamento de persoal.

16. A entidade practicamente carece de regulación interna en materia de persoal, e tampouco dispón dun plan de recursos humanos, non ten constituído formal e materialmente o rexistro de persoal e tampouco dispón de manuais de procedementos ou instrucións internas en este ámbito. Todas estas circunstancias poden derivar na ineficiencia dos recursos humanos dispoñibles.

17. O concello non ten unha relación de postos de traballo aprobada.

18. Tanto o convenio colectivo como o acordo regulador foron aprobados no ano 2005, sen que foran obxecto de modificacións posteriores para adaptalos á lexislación vixente.
19. Durante o exercicio fiscalizado 6 traballadores temporais adquiriron por sentenza xudicial a condición persoal laboral indefinido. Este feito prodúcese de xeito reiterado, xa que 14 das 20 prazas de persoal laboral indefinido que existían a 31 de decembro de 2013 xa procedían de anos anteriores, e nos seguintes anos incrementáronse en 7 prazas máis.
20. En relación coa estrutura e organización de persoal, conséntase a utilización de contratos temporais para cubrir postos de carácter estrutural. Nalgún caso nas bases de selección de persoal existen criterios que poden vulnerar o principio de igualdade.
21. O concello non ten implantado un sistema de avaliación do desempeño que permita valorar con criterios obxectivos o grado de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario leve a cabo o seu traballo así como o rendemento e os resultados obtidos.
22. A determinación do complemento de produtividade e outras retribucións extraordinarias, así como a prestación económica na situación de incapacidade temporal non se axusta á legalidade.

## VI. RECOMENDACIÓNS

1. Deberase ter en conta o deber de colaboración das entidades que compoñen o sector público da Comunidade Autónoma no exercicio das funcións que corresponden ao Consello de Contas, estando obrigadas, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do Consello de Contas de Galicia, a subministraren cantos datos, estados, documentos, antecedentes ou informes se lles solicite.
2. Debe procederse á redacción de manuais de procedementos, que definan de xeito claro os trámites a seguir en cada unha das tarefas desenvolvidas e regulen aspectos como procedementos de autorización e aprobación; segregación de funcións (autorización, procesamento, arquivo, revisión); controis sobre o acceso a recursos e arquivos; verificacións e conciliacións; revisións de operacións e procesos e actividades.
3. O concello debe deseñar un plan de fiscalización plena posterior sobre unha mostra das operacións, que debe realizarse a través de procedementos de auditoría. Igualmente, debe definir uns obxectivos previos que permitan verificar a eficacia, eficiencia e economía na prestación dos servizos públicos, e organizar a contabilidade para obter resultados analíticos que poñan de manifesto o devandito custo e rendemento.

4. Recoméndase que só excepcionalmente se acuda á utilización do mecanismo do recoñecemento extraxudicial de créditos como é propio da súa natureza xurídica.
5. Debe procederse á cuantificación dos riscos por procedementos xudiciais en curso e, no seu caso, á dotación da provisión por responsabilidades
6. Deberían incluírse nos pregos de cláusulas dos procedementos negociados unha indicación dos criterios que poden ser obxecto de negociación e unha descrición do procedemento para levar esta a cabo. Invítase a todos os licitadores poñendo no seu coñecemento as características de todas as ofertas presentadas, sen identificar aos propoñentes, coa finalidade de que se formule unha mellora da proposición inicial.
7. Recoméndase que se dea preferencia ao procedemento aberto sobre o procedemento negociado por ser o procedemento ordinario.
8. Deben establecerse sistemas que permitan de forma áxil e fiable coñecer e convocar aos procedementos negociados de licitación a empresas con capacidade para realizar a prestación requirida, como a creación de bases de datos ou a publicación dos procedementos no perfil do contratante, para intentar conseguir deste xeito unha maior concorrencia.
9. A tramitación por emerxencia é un procedemento extraordinario que non pode ir máis alá das actuacións imprescindibles para poñer remedio a unha situación de risco.
10. Debe extremarse a vixilancia e control da execución dos contratos para procurar que se cumpran as condicións e os prazos establecidos, para o que debería deixarse claramente detallado nos pregos a forma na que se debe levar a cabo este seguimento.
11. A entidade debe elaborar un plan de recursos humanos para conseguir unha maior eficacia na prestación de servizos así como unha maior eficiencia na utilización dos seus recursos económicos dispoñibles (artigo 69 do EBEP).
12. O concello debería dotarse de manuais de procedementos ou instrucións internas en materia de persoal para lograr un óptimo emprego dos seus recursos humanos.
13. Debería aprobarse un plan de formación do persoal que fomente á actualización e perfeccionamento continuado dos seus coñecementos, habilidades e aptitudes para mellorar no desempeño das súas funcións e contribuír á súa promoción profesional.
14. Debe constituírse o rexistro de persoal, en cumprimento do artigo 71 do EBEP.
15. A regulación interna dos anticipos ao persoal do concello ten que axustarse ao disposto no



Real decreto lei 2608, de 16 de decembro de 1929, sobre anticipos aos funcionarios públicos.

16. A entidade debe proceder a establecer sistemas que permitan a avaliación do desempeño dos seus empregados para aplicar de acordo coa legalidade as retribucións complementarias recollidas no apartado c) do artigo 24 do EBEP (produtividade).

17. Deberíase aprobar un novo acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario e un novo convenio colectivo dada a antigüidade dos existentes.

18. Débese cumprir co establecido polo artigo 74 do EBEP en relación coa ordenación dos postos de traballo, estruturando a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias.

19. Deberíase homoxeneizar e coordinar a información contida na relación de postos de traballo, cadro de persoal e anexo de persoal dos orzamentos, de acordo coas características propias de cada un destes instrumentos de organización e control dos recursos humanos da entidade.



## **ANEXOS**



## Anexo I Contratos subscritos ou formalizados no exercicio.

### Contratos de obras

Obxecto do Contrato	Procedemento	Orzamento licitación (con I.V.A.)	Prezo de adjudicación (con I.V.A.)	Data adjudicación definitiva	Data formalización	Prazo execución (meses)	Contratistas
Terminación da Rúa Real	Negociado sen publicidade	72.300,00	65.792,54	24/10/2013	30/10/2013	2 meses	Afreijo S.L.
Urbanización da Rúa san Roque	Negociado sen publicidade	79.600,00	72.436,00	18/12/2013	03/01/2014	4 meses	Aglomerados y Construcciones Valdeorras S.L. A32008039
Acondicionamento das piscinas municipais	Negociado sen publicidade	157.000,00	141.300,00	14/01/2014	25/02/2014	3 meses	Aglomerados y Construcciones Valdeorras S.L. A32008039
Muro escollera urbanización la cerámica	Emerxencia	0	83.252,45	01/04/2013	Non	-----	Aglomerados y Construcciones Valdeorras S.L. A32008039
<b>TOTAL</b>		<b>308.900,00</b>	<b>362.780,99</b>				

### Contratos de servizos

Obxecto do Contrato	Procedemento	Orzamento licitación (con I.V.A.)	Prezo de adjudicación (con I.V.A.)	Data adjudicación definitiva	Data formalización	Prazo execución (meses)	Contratistas
Servizo de Desinfección, Desinsectación e Desratización	Aberto	56.961,96	37.576,00	19/02/2014	25/02/2014	2 anos posibilidade de outros 2	Lacera Servicios y Mantenimiento S.A.
		Anual 14.240,49	9.394 euros/ano				A33123498
Organización e desenvolvemento do servizo das escolas deportivas municipais	Aberto	134.603,52	128.123,68	30/07/2013	29/08/2013	Do 1/10/2013 ao 31/6/14	Ocio y Deporte Valdeorras S.I.
		217,12 euros/grupo/mes	182,38 euros/grupo/mes				B32439119
Servizos de limpeza de diversas sedes municipais do concello do Barco de Valdeorras.	Aberto	548.057,49	524.512,06	30/07/2013	30/09/2013	2 iniciais	CLECE S.A.. A80.364.243.
		10,94 prezo/hora	10,47 euros/hora			Só unha realizada	
Servizos de rozas de diversas zonas no termo municipal do Barco de Valdeorras	Negociado sen publicidade	12.826,00	11.495,00	13/06/2013	21/06/2013	1 ano	Diana Urdangaray Díaz 71504682M
Servizos de rozas de cunetas do Barco de Valdeorras	Negociado sen publicidade	14.268,84	-----	Renuncia á celebración do contrato Resolución 29/10/2013	-----	-----	-----
<b>TOTAL</b>		<b>766.717,81</b>	<b>701.706,74</b>				

### Contratos de subministracións

Obxecto do Contrato	Procedemento	Orzamento licitación (con I.V.A.)	Prezo de adjudicación (con I.V.A.)	Data adjudicación definitiva	Data formalización	Prazo execución (meses)	Contratistas
Subministro dun vehículo para a policía local	Negociado sen publicidade	30.311,65	29.524,00	25/10/2013	28/10/2013	1 día	Landauto Motor S.L.U.
<b>TOTAL</b>		<b>30.311,65</b>	<b>29.524,00</b>				



## TRÁMITE DE ALEGACIONES





Con data do 15 de decembro de 2017 foi aprobado pola Sección de Fiscalización do Consello de Contas de Galicia o anteproxecto de informe de fiscalización do concello do Barco de Valdeorras exercicio 2013, remitido ao concello con data 15 de decembro, rexistrándose a súa recepción no concello o día 18 de decembro, aos efectos de que ao abeiro do artigo 47 do regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia, aprobado pola Comisión permanente non legislativa para as relacións co Consello de Contas o día 23 de febreiro de 2017, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 46, de 7 de marzo de 2017, formularan as alegacións e aportaran a documentación que estimasen pertinente, no prazo de 15 días hábiles.

Rematado ese prazo, non se recibiu no rexistro xeral do Consello de Contas de Galicia ningunha alegación.